

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 28 de setembro de 2017**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e oito de setembro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do segundo tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández (Resolución do 28/09/17), por ausencia do Excmo. Sr. alcalde, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(995).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 14 de setembro de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(996).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO SUBMINISTRO, POSTA EN FUNCIONAMENTO E MANTEMENTO DE DESFIBRILADORES SEMIAUTOMÁTICOS PARA INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. EXPTE. 948/611.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19/09/17, dáse conta do informe-proposta asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, con data 18/09/17, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 18 de setembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

## 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso (948-611)

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso (948-611)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 21 de xullo de 2017, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso na seguinte orde descendente:*

<b>LICITADOR</b>		<b>TOTAL</b>
	<i>ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS, S.L.U.</i>	<i>100,00</i>
	<i>BIOMED, S.A.</i>	<i>48,43</i>
	<i>ANEK 53, S.L. PROYECTO SALVAVIDAS</i>	<i>25,47</i>
	<i>CARYOSA HIGIENIC SOLUTIONS, S.L.</i>	<i>15,61</i>

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESFOREM FORMACION DE EMERGENCIAS. S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*

3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS, S.L.U., o día 4 de agosto de 2017, que presenta a documentación requirida o 14 de agosto, dentro do prazo concedido.

**Segundo.-** A Mesa de Contratación na sesión do 21 de agosto de 2017 revisou a documentación presentada e comprobou que era correcta. Fíxose constar que a empresa non constituíu a garantía definitiva esixida, senón que solicitou a súa retención no prezo do contrato (na primeira factura) ao abeiro do previsto no artigo 96.2 do TRLCSP.

**Terceiro.-** Con data do 7 de setembro de 2017 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

*“Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS. S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP), que por erro non se incluíu no acordo do 21 de xullo de 2017:*

- *Resgardo da garantía complementaria do 2,50% do importe de adxudicación sen IVE, esixible de acordo co disposto na cláusula 21 e apartado 11B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares” co obxecto de completar a documentación presentada o 14 de agosto de 2017”.*

Este acordo notificouse a ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS, S.L.U. o 12 de setembro de 2017. A garantía esixida foi constituída mediante transferencia bancaria o mesmo día. Consta certificado expedido polo tesoureiro municipal o 14 de setembro.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación, na sesión do 18 de setembro de 2017 comprobou que a garantía complementaria requirida foi correctamente depositada, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS, S.L.U., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 11 de xullo de 2017.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Adxudicar a ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS, S.L.U., o procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso (948-611) coas seguintes condicións:*
  - a) *O prezo total do contrato é de 26.822,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.655,14 euros.*
  - b) *Propón unha ampliación do prazo de garantía de 72 meses (total 96 meses).*
2. *Iniciar os trámites pertinentes para devolver á citada empresa o importe abonado a maiores en concepto de gastos de publicidade (343,24 euros).*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(997).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACRC SOBRE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO E ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS EN DETERMINADOS AREAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 11483/306.**

Dáse conta do informe-proposta de data 25/09/17, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

“1º.- Tomar razón da Resolución nº 794/2017 Do Tribunal Administrativo Central De Recursos Contractuales (TACRC), recaída no recurso nº 800/2017, interposto por D. Juan Manuel Rodríguez Amil, en nome e representación de 14 traballadores da empresa EMSEBUR,S.L., contra a adxudicación do contrato dos servizos de “vixiancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria nas praias do concello de Vigo”. Na mesma o TACRC inadmite o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

*“Primeiro.- Inadmitir o recurso interposto por D. Juan Manuel Rodríguez Amil, en nome e representación de 14 traballadores da empresa EMSEBUR,S.L ., contra a adxudicación do contrato dos servizos de “vixiancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria nas praias do concello de Vigo”*

*Segundo.- Levantar a suspensión do procedemento producida de conformidade co previsto no artigo 45 do TRLCSP.*

*Terceiro.- Declarar que non se aprecia a concorrencia de mala fe ou temeridade na interposición do recurso polo que non procede a imposición da sanción prevista no artigo 47.5 do TRLCSP”.*

2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **4(998).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DOWN VIGO PARA A EXENCIÓN DE PAGO DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DE LAVADORES PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTIVIDADE FÍSICA VINCULADO A PERSOAS CON NECESIDADES ESPECÍFICAS. EXPTE. 1475/611.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 8/09/17 e o informe de fiscalización do 21/09/17, dáse conta do informe-proposta de data 4/09/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade Técnica, e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

Con data 23 de Agosto de 2017 asínase o informe proposta para orde de inicio polo director Deportivo.

Con data 24 de Agosto de 2017 asínase a orde de inicio polo Concelleiro Delegado de Deportes.

#### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:**

- Lei 7/1985 do 2 de abril emítase informe de necesidade do técnico 25 2.) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. Modificada pola lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e Sostibilidade da administración local.
- Lei 5/2007, de administración Local de Galicia artigo 80.2), actividades e instalacións culturais e deportivas e a ocupación do tempo libre.
- Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do deporte de Galicia, artigo 8, entre outros fins reflicte, fomentar, promover e difundir o deporte especialmente en idade escolar, velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso de estas.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público
- Instrución nº 1/2014, da Intervención Xeral.
- Ordenanza nº52 de tributos e prezos públicos do Concello de Vigo reguladora da utilización das instalacións deportivas municipais.

#### XUSTIFICACIÓN:

A entidade asociación Dwon Vigo solicita a realización das actividades correspondentes a súa actividade deportiva nas instalacións deportivas municipais. Esta entidade non dispón do espazo suficiente, necesario e axeitado para o desenvolvemento da súa actividade deportiva.

O asociación Dwon Vigo, é unha entidade declarada de utilidade pública, de carácter benéfico-social, sin ánimo de lucro, con capacidade jurídica e plena capacidade de obrar según os estatutos presentados pola entidade.

A asociación Dwon Vigo ten entre os seus fins, a creación e promoción de servizos de atención directa que sirvan para a atención, formación e promoción da autonomía e integración na sociedade de persoas con síndrome de Dwon, para a promoción e organización de actividades de ocio e tempo libre, que fomenten a súa participación na comunidade, e establecer actividades de colaboración con outras entidades e institucións.

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a A.F. vinculada ó desenvolvemento de programas orientados a colectivos con determinadas necesidades especiais pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a incrementar os niveis de autonomía destas persoas, a mellorar a condición física destes colectivos da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.

Tendo en conta o interés común de ambas as dúas entidades, atendendo á proposta remitida pola asociación Dwon Vigo considerando que ademais esta entidade conta con

recursos propios suficientes, tanto materiais como persoais, e capacidade, para o desenvolvemento do dito programa, e atendendo ó interés do Concello por ofertar actividades relacionadas con obxectivos orientados a con estes colectivos, plantéase a necesidade de articular un convenio de colaboración que permita establecer as condicións necesarias para o desenvolvemento da dita actividade coordinada pola asociación Dwon Vigo, unificando esforzos e criterios, operativizando e optimizando recursos, e ampliando a oferta deportiva neste ámbito.

A través do presente informe proposta, a Concellería de Deportes, busca a colaboración ca asociación Dwon Vigo. O obxectivo principal do mesmo, trata de encamiñar as súas actuacións á colaboración cunha entidade que defínese como un axente social e deportivo con garantías de calidade no desenvolvemento dos proxectos deportivos.

Por outra banda dende a Concellería de Deportes, trabállase na necesidade de incrementar as posibilidades de uso de instalacións deportivas na cidade, para poder dar resposta ás solicitudes de uso de instalacións por parte dos diferentes centros educativos, polo cal, esta proposta ven establecer dunha forma operativa, unha mellora de cara a programar as diversas actividades deportivas da cidade.

Tendo en conta que o principal obxectivo deste proxecto, busca a unificación dos criterios de promoción deportiva na cidade, ó mesmo tempo que pretende aunar os esforzos, e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento dunha oferta deportiva axeitada, e así, entre ambas entidades establecerase a base de colaboración xa que a entidade asociación Dwon Vigo conta cos medios humanos necesarios para facilitar a organización, seguimento e control das actividades que se planteen neste convenio e por parte da Concellería de Deportes cóntase coa infraestrutura deportiva.

Todos estes criterios, nos levan demostrar que existen mostras e pautas de mutuo acordo para unificar criterios, e aunar os esforzos das diversas administracións que promocionan a actividade deportiva na cidade, polo que enténdese que o contido do obxecto que regúlase no marco desta proposta de convenio se atopa incluído no establecido no artigo 4.d) do R.D. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xa que a Concellería de Deportes non busca a provisión dun servizo nin a adquisición dun ben, senón o establecemento dun marco de relación, que permita complementar actuación de ambas as dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, quedando excluído o negocio por razóns obxectivas do R.D. 3/2011.

As cláusulas xerais da proposta de convenio desenvolveranse sobre os seguintes apartados:

- a) Buscase o uso dunha instalación pola entidade asociación Dwon Vigo para as actividades pertencentes o seu proxecto deportivo , na instalación do pavillón polideportivo de Lavadores.
- b) A Concellería de Deportes facilitará o uso das instalacións deportivas Municipais dentro dun ámbito horario concreto en función das necesidades e en función da dispoñibilidade de instalacións.
- c) A entidade asociación Dwon Vigo, responsabilizarase e garantirá mediante persoal propio das tarefas básicas do control e vixianza das actividades vinculadas ó obxecto do convenio.

- d) A entidade asociación Dwon Vigo , será a responsable da execución da actividade, para o cal deberá ter unha póliza de responsabilidade civil que cubra os diversos ámbitos de actuación e responsabilidades derivadas das obrigas deste convenio.
- e) A entidade asociación Dwon Vigo , para garantir un uso equitativo e equilibrado das instalacións, atenderá ás normas xerais de uso de instalacións deportivas municipais do da Concellería de Deportes.

**HORARIOS E INSTALACIÓN:**

A actividade se realizará na Instalación do Pavillón de Lavadores nos horarios seguintes:

Días	Horario
Luns	De 16:00 a 17:00
Martes	De 11:30 a 14:00
Mércores	De 16:00 a 17:00

**PRAZO DO CONVENIO:**

O prazo do convenio, abarcará a duración dunha tempada deportiva, dende a data da sinatura do presente convenio ata o 31 de xullo do ano 2018. Para a continuidade do obxecto deste convenio será necesaria a tramitación dun novo convenio, previa solicitude da entidade.

**VALOR ECONÓMICO DO CONVENIO:**

A asociación Dwon Vigo, en base ó artigo 5 A)4, da ordenanza nº 52, reguladora de prezos públicos pola utilización de instalacións deportivas municipais, ca tramitación do presente informe proposta e firma do convenio de colaboración ca entidade, estará exenta de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 204 horas durante a duración do convenio, a 7,95 € a hora, e que ascende ó importe estimado de 1621,80 €.

**CAPACIDADE PARA A SINATURA DO PRESENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN:**

A asociación Dwon Vigo, presentarse ca representación legal correspondente para asinar o presente convenio.

**PROPOSTA:**

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local.

a) Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Concellería de Deportes e a entidade/asociación asociación Dwon Vigo para o uso da instalación deportiva dentro do seu programa de actividade física.

b) Autorizar a exención do pago do prezo público correspondente á utilización da instalación de Lavadores, que ascende a 1621,80 €, para o desenvolvemento das actividades do programa de actividade física, en base o apartado “A,4” do artigo 5 “Exencións e Bonificación” das Ordenanzas e Tributos do Concello de Vigo no ano 2017, na súa ordenanza 52”.

c) *Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.*



### **Acordo**

A Xunta do Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO:

PROPOSTA DE TEXTO DO CONVENIO:

CONVENIO DE COLABORACIÓN 1475/611 ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES DE VIGO E A ENTIDADE ASOCIACIÓN DOWN VIGO POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DO PAVILLÓN DE LAVADORES PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTIVIDADE FÍSICA VINCULADO AS NECESIDADES ESPECIAIS DO COLECTIVO.

*Dunha parte: D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde de Vigo.*

*Doutra parte D. María del Carmen Lopez Barreiro con Dni 35278996-D, como Presidenta da Asociación Down Vigo con CIF G-36697324, tal como acredita.*

### MANIFESTAN QUE

*O Concello de Vigo, a través da Concellería de deportes, ten entre os seus obxectivos, colaborar coa dinamización das actividades vinculadas á actividade física e deportiva en calquera das súas manifestacións ou vertentes, entre as que se atopan as do ámbito educativo e formativo, e o desenvolvemento de programas vinculados a colectivos cunhas necesidades especiais.*

*A Asociación Down Vigo, é unha entidade declarada de utilidade pública, de carácter benéfico-social, sin ánimo de lucro, con capacidade jurídica e plena capacidade de obrar según os estatutos presentados pola entidade.*

*A Asociación Down Vigo ten entre os seus fins, a creación e promoción de servicios de atención directa que sirvan para a atención, formación e promoción da autonomía e integración na sociedade de persoas con síndrome de Dwon, para a promoción e organización de actividades de ocio e tempo libre, que fomenten a súa participación na comunidade, e establecer actividades de colaboración con outras entidades e institucións.*

*As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a A.F. vinculada ó desenvolvemento de programas orientados a colectivos con determinadas necesidades especiais pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a incrementar os niveis de autonomía destas persoas, a mellorar a condición física destes colectivos da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.*

*Polo cal procédese asinar un convenio de colaboración que rexirásese polas seguintes cláusulas,*

### CLAÚSULAS

- 1.- *Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua que permita desenvolver o programa de Actividade física da Asociación Down Vigo nas instalacións Municipais do Pavillón de Lavadores*
- 2.- *A Asociación Down Vigo, en base ó artigo 5 A)4, da ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos das instalacións deportivas municipais pertencentes a Concellería de Deportes, estará exento de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 204 horas durante a duración do convenio, a 7,95 € a hora, e que ascende ó importe estimado de 1621,80 €.*
- 3.- *A Asociación Dwon Vigo comprométese a desenvolver o Programa de Actividade Física nas condicións establecidas no presente convenio, na instalación deportiva municipal do pavillón de Lavadores nos horarios e datas establecidos no presente convenio.*
- 4.- *A Asociación presentará, á sinatura do convenio o listado de cursos que desenvolverán as clases en cada franxa horaria.*
- 5.- *A Asociación Dwon Vigo é o responsable do desenvolvemento das clases na instalación Municipal, debendo estar presente na instalación en todo momento o responsable da clase.*
- 6.- *A Asociación Dwon Vigo comunicará a Concellería de Deportes con antelación suficiente calquera cancelación ou alteración nos horarios da actividade.*
- 7.- *A Concellería de Deportes non terá ningunha responsabilidade co calquera incidente que poidera resultar derivado do desenvolvemento da actividade programada.*
- 8.- *A Entidade deberá ter unha póliza de responsabilidade civil de cobertura da actividade e cobertura de accidentes.*
- 9.- *Os participantes que desenvolvan a actividade na instalación será exclusivamente os vinculados o programa de actividades, non estando permitido ningún outro uso que non sexa a impartición deste programa de actividade física.*
- 10.-*Os participantes accederán á instalación precedidos polo responsable da entidade, non estando permitido o acceso dos participantes en caso contrario. Da mesma forma,o responsable da actividade será a última persoa en abandonar a instalación, asegurándose de que ningún participante queda na instalación.*
- 11.-*A Concellería de Deportes, aportará o espazo para o desenvolvemento das actividades.*
- 12.-*A Asociación Down Vigo comprométese a abrir e pechar a instalación nos horarios establecidos cando a instalación non esté operativa, facéndose responsable do acceso e control dos usuarios deste proxecto. Para tal efecto, a Asociación Down Vigo remitirá a Concellería de Deportes á sinatura do convenio os datos dos responsables da actividade, así como o listado de participantes nela.*

13.-A Concellería de Deportes resérvase a posibilidade de dispoñer da instalación por cuestións de programación ou mantemento. Neste caso comunicárase a entidade esta anulación.

14.-A vixencia deste convenio é para as citadas actividades dende a data de sinatura do presente convenio ata o 31 de Xullo de 2018, as posibles modificacións solicitadas polo centro, en todo caso, estarán supeditadas a criterios de organización e dispoñibilidade de instalacións:

Días	Horario
Luns	De 16:00 a 17:00
Martes	De 11:30 a 14:00
Mércores	De 16:00 a 17:00

15.-No caso de incumplimento das obrigas e os compromisos asumidos neste convenio, por cada unha das partes, poderase aplicar medidas de suspensión ou anulación da vixencia do convenio.

Como proba da conformidade asinan en Vigo o presente convenio por duplicado, o día \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(999).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL MENELA PARA A EXENCIÓN DE PAGO DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DE COIA PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTIVIDADE FÍSICA VINCULADO A PERSOAS CON NECESIDADES ESPECÍFICAS. EXPTE. 1479/611.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 8/09/17 e o informe de fiscalización do 21/09/17, dáse conta do informe-proposta do 4/09/17, asinado polo do director deportivo-xefe da Unidade Técnica, e o concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

Con data 24 de Agosto de 2017 asínase o informe proposta para orde de inicio polo Director Deportivo.

Con data 24 de Agosto de 2017 asínase a orde de inicio polo Concelleiro Delegado de Deportes.

#### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:**

- Lei 7/1985 do 2 de abril emítase informe de necesidade do técnico 25 2.I) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. Modificada pola

lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e Sostenibilidade da administración local.

- Lei 5/2007, de administración Local de Galicia artigo 80.2), actividades e instalacións culturais e deportivas e a ocupación do tempo libre.
- Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do deporte de Galicia, artigo 8, entre outros fins reflicte, fomentar, promover e difundir o deporte especialmente en idade escolar, velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso de estas.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público
- Instrución nº 1/2014, da Intervención Xeral.
- Ordenanza nº52 de tributos e prezos públicos do Concello de Vigo reguladora da utilización das instalacións deportivas municipais.

#### XUSTIFICACIÓN:

O Centro de Educación Especial Menela solicita a realización das actividades correspondentes a súa actividade deportiva nas instalacións deportivas municipais. Esta entidade non dispón do espazo suficiente, necesario e axeitado para o desenvolvemento da súa actividade deportiva.

O Centro de Educación Especial Menela, é unha entidade declarada de utilidade pública, de carácter benéfico-social, sin ánimo de lucro, con capacidade jurídica e plena capacidade de obrar según os estatutos presentados pola entidade.

O Centro de Educación Especial Menela ten entre os seus fins, a creación e promoción de servizos de atención directa que sirvan para a atención, formación e promoción da autonomía e integración na sociedade de persoas con trastorno de Espectro Autista, para a promoción e organización de actividades de ocio e tempo libre, que fomenten a súa participación na comunidade, e establecer actividades de colaboración con outras entidades e institucións.

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a A.F. vinculada ó desenvolvemento de programas orientados a colectivos con determinadas necesidades especiais pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a incrementar os niveis de autonomía destas persoas, a mellorar a condición física destes colectivos da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.

Tendo en conta o interese común de ambas as dúas entidades, atendendo á proposta remitida polo Centro de Educación Especial Menela considerando que ademais esta entidade conta con recursos propios suficientes, tanto materiais como persoais, e capacidade, para o desenvolvemento do dito programa, e atendendo ó interese do Concello por ofertar actividades

relacionadas con obxectivos orientados a con estes colectivos, plantéase a necesidade de articular un convenio de colaboración que permita establecer as condicións necesarias para o desenvolvemento da dita actividade coordinada polo Centro de Educación Especial Menela, unificando esforzos e criterios, operativizando e optimizando recursos, e ampliando a oferta deportiva neste ámbito.

A través do presente informe proposta, a Concellería de Deportes, busca a colaboración co Centro de Educación Especial Menela O obxectivo principal do mesmo, trata de encamiñar as súas actuacións á colaboración cunha entidade que defínese como un axente social e deportivo con garantías de calidade no desenvolvemento dos proxectos deportivos.

Por outra banda dende a Concellería de Deportes, trabállase na necesidade de incrementar as posibilidades de uso de instalacións deportivas na cidade, para poder dar resposta ás solicitudes de uso de instalacións por parte dos diferentes centros educativos, polo cal, esta proposta ven establecer dunha forma operativa, unha mellora de cara a programar as diversas actividades deportivas da cidade.

Tendo en conta que o principal obxectivo deste proxecto, busca a unificación dos criterios de promoción deportiva na cidade, ó mesmo tempo que pretende aunar os esforzos, e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento dunha oferta deportiva axeitada, e así, entre ambas entidades establecerase a base de colaboración xa que o Centro de Educación Especial Menela conta cos medios humanos necesarios para facilitar a organización, seguimento e control das actividades que se planteen neste convenio e por parte da Concellería de Deportes cóntase coa infraestrutura deportiva.

Todos estes criterios, nos levan demostrar que existen mostras e pautas de mutuo acordo para unificar criterios, e aunar os esforzos das diversas administracións que promocionan a actividade deportiva na cidade, polo que enténdese que o contido do obxecto que regúlase no marco desta proposta de convenio se atopa incluído no establecido no artigo 4.d) do R.D. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xa que a Concellería de Deportes non busca a provisión dun servizo nin a adquisición dun ben, senón o establecemento dun marco de relación, que permita complementar actuación de ambas as dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, quedando excluído o negocio por razóns obxectivas do R.D. 3/2011.

As cláusulas xerais da proposta de convenio desenvolveranse sobre os seguintes apartados:

- a)** Buscase o uso dunha instalación polo Centro de Educación Especial Menela para as actividades pertencentes o seu proxecto deportivo , na instalación do pavillón polideportivo de Coia.
- b)** A Concellería de Deportes facilitará o uso das instalacións deportivas Municipais dentro dun ámbito horario concreto en función das necesidades e en función da dispoñibilidade de instalacións.
- c)** O Centro de Educación Especial Menela, responsabilizarase e garantirá mediante persoal propio das tarefas básicas do control e vixianza das actividades vinculadas ó obxecto do convenio.
- d)** O Centro de Educación Especial Menela, será a responsable da execución da actividade, para o cal deberá ter unha póliza de responsabilidade civil que cubra os

diversos ámbitos de actuación e responsabilidades derivadas das obrigas deste convenio.

- e) O Centro de Educación Especial Menela, para garantir un uso equitativo e equilibrado das instalacións, atenderá ás normas xerais de uso de instalacións deportivas municipais do da Concellería de Deportes.

#### HORARIOS E INSTALACIÓN:

A actividade se realizará na Instalación do Pavillón de Coia nos horarios seguintes:

Días	Horario
Martes	De 10:00 a 13:00
Mércores	De 10:00 a 13:00

#### PRAZO DO CONVENIO:

O prazo do convenio, abarcará a duración dunha tempada deportiva, dende a data da sinatura do presente convenio ata o 31 de Maio do ano 2018. Para a continuidade do obxecto deste convenio será necesaria a tramitación dun novo convenio, previa solicitude da entidade.

#### VALOR ECONÓMICO DO CONVENIO:

O Centro de Educación Especial Menela, en base ó artigo 5 A)4, da ordenanza nº 52, reguladora de prezos públicos pola utilización de instalacións deportivas municipais, ca tramitación do presente informe proposta e firma do convenio de colaboración ca entidade, estará exenta de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 201 horas durante a duración do convenio, a 7,95 € a hora, e que ascende ó importe estimado de 1597,95 €.

#### CAPACIDADE PARA A SINATURA DO PRESENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN:

O Centro de Educación Especial Menela, presentárase ca representación legal correspondente para asinar o presente convenio.

#### PROPOSTA:

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local.

a) Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Concellería de Deportes e o Centro de Educación Especial Menela para o uso da instalación deportiva dentro do seu programa de actividade física.

b) Autorizar a exención do pago do prezo público correspondente á utilización da instalación de Coia, que ascende a 1597,95 €, para o desenvolvemento das actividades do programa de actividade física, en base o apartado "A,4" do artigo 5 "Exencións e Bonificación" das Ordenanzas e Tributos do Concello de Vigo no ano 2017, na súa ordenanza 52"

c) Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este convenio.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **ANEXO:**

PROPOSTA DE TEXTO DO CONVENIO:

CONVENIO DE COLABORACIÓN 1479/611 ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES DE VIGO E O CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL MENELA POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE COIA PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTIVIDADE FÍSICA VINCULADO AS NECESIDADES ESPECIAIS DO COLECTIVO.

*Dunha parte: D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde de Vigo.*

*Doutra parte D. Cipriano Jiménez Casas con DNI 35195099Q, como representante legal do Centro de Educación Especial Fundación Menela co CIF: G-36685964.*

## **MANIFESTAN QUE**

*O Concello de Vigo, a través da Concellería de deportes, ten entre os seus obxectivos, colaborar coa dinamización das actividades vinculadas á actividade física e deportiva en calquera das súas manifestacións ou vertentes, entre as que se atopan as do ámbito educativo e formativo, e o desenvolvemento de programas vinculados a colectivos cunhas necesidades especiais.*

*O Centro de Educación Especial Menela, é unha entidade declarada de utilidade pública, de carácter benéfico-social, sin ánimo de lucro, con capacidade jurídica e plena capacidade de obrar según os estatutos presentados pola entidade.*

*O Centro de Educación Especial Menela ten entre os seus fins, a creación e promoción de servizos de atención directa que sirvan para a atención, formación e promoción da autonomía e integración na sociedade de persoas con trastorno de Espectro Autista, para a promoción e organización de actividades de ocio e tempo libre, que fomenten a súa participación na comunidade, e establecer actividades de colaboración con outras entidades e institucións. .*

*As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a A.F. vinculada ó desenvolvemento de programas orientados a colectivos con determinadas necesidades especiais pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a incrementar os niveis de autonomía destas persoas, a mellorar a condición física destes colectivos da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.*

*Polo cal procédese asinar un convenio de colaboración que rexirásese polas seguintes cláusulas,*

## **CLAÚSULAS**

- 1. Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua que permita desenvolver o programa de Actividade física do Centro de Educación Especial Menela nas instalacións Municipais do Pavillón de Coia.*

2. *O Centro de Educación Especial Menela, en base ó artigo 5 A)4, da ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos das instalacións deportivas municipais pertencentes a Concellería de Deportes, estará exento de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 201 horas durante a duración do convenio, a 7,95 € a hora, e que ascende ó importe estimado de 1597,95 €.*
3. *O Centro de Educación Especial Menela comprométese a desenvolver o Programa de Actividade Física nas condicións establecidas no presente convenio, na instalación deportiva municipal do pavillón de Coia nos horarios e datas establecidos no presente convenio.*
4. *O Centro de Educación Especial Menela presentará, á sinatura do convenio o listado de cursos que desenvolverán as clases en cada franxa horaria.*
5. *O Centro de Educación Especial Menela é o responsable do desenvolvemento das clases na instalación Municipal, debendo estar presente na instalación en todo momento o responsable da clase.*
6. *O Centro de Educación Especial Menela comunicará a Concellería de Deportes con antelación suficiente calquera cancelación ou alteración nos horarios da actividade.*
7. *A Concellería de Deportes non terá ningunha responsabilidade co calquera incidente que poidera resultar derivado do desenvolvemento da actividade programada.*
8. *A Entidade deberá ter unha póliza de responsabilidade civil de cobertura da actividade e cobertura de accidentes.*
9. *Os participantes que desenvolvan a actividade na instalación será exclusivamente os vinculados o programa de actividades, non estando permitido ningún outro uso que non sexa a impartición deste programa de actividade física.*
10. *Os participantes accederán á instalación precedidos polo responsable da entidade, non estando permitido o acceso dos participantes en caso contrario. Da mesma forma, o responsable da actividade será a última persoa en abandonar a instalación, asegurándose de que ningún participante queda na instalación.*
11. *A Concellería de Deportes, aportará o espazo para o desenvolvemento das actividades.*
12. *A Concellería de Deportes resérvase a posibilidade de dispoñer da instalación por cuestións de programación ou mantemento. Neste caso comunicarse a entidade esta anulación.*
13. *A vixencia deste convenio é para as citadas actividades dende a data de sinatura do presente convenio ata o 31 de Maio de 2018, a posibles modificacións solicitadas polo centro, en todo caso, estarán supeditadas a criterios de organización e dispoñibilidade de instalacións:*



Días	Horario
Martes	De 10:00 a 13:00
Mércores	De 10:00 a 13:00

14. No caso de incumplimento das obrigas e os compromisos asumidos neste convenio, por cada unha das partes, poderase aplicar medidas de suspensión ou anulación da vixencia do convenio.

Como proba da conformidade asinan en Vigo o presente convenio por duplicado, o día \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017

**6(1000).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN ALBORADA PARA A EXENCIÓN DE PAGO DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DA PISCINA E XIMNASIO DE TEIS PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTIVIDADE FÍSICA VINCULADO A PERSOAS CON NECESIDADES ESPECÍFICAS. EXPTE. 1476/611.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 8/09/17 e o informe de fiscalización do 21/09/17, dáse conta do informe-proposta de data 04/09/17, asinado polo director deportivo-xefe da Ud. Técnica, o concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

Con data 24 de Agosto de 2017 asínase o informe proposta para orde de inicio polo Director Deportivo.

Con data 24 de Agosto de 2017 asínase a orde de inicio polo Concelleiro Delegado de Deportes.

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:**

- Lei 7/1985 do 2 de abril emítese informe de necesidade do técnico 25 2.) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. Modificada pola lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e Sostenibilidade da administración local.
- Lei 5/2007, de administración Local de Galicia artigo 80.2), actividades e instalacións culturais e deportivas e a ocupación do tempo libre.
- Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do deporte de Galicia, artigo 8, entre outros fins reflicte, fomentar, promover e difundir o deporte especialmente en idade escolar, velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso de estas.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

- Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público
- Instrución nº 1/2014, da Intervención Xeral.
- Ordenanza nº52 de tributos e prezos públicos do Concello de Vigo reguladora da utilización das instalacións deportivas municipais.

#### XUSTIFICACIÓN:

A entidade Asociación Alborada solicita a realización das actividades correspondentes a súa actividade deportiva nas instalacións deportivas municipais. Esta entidade non dispón do espazo suficiente, necesario e axeitado para o desenvolvemento da súa actividade deportiva.

A Asociación Alborada, é unha entidade declarada de utilidade pública, de carácter benéfico-social, sin ánimo de lucro, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar según os estatutos presentados pola entidade.

A Asociación Alborada ten entre os seus fins, a creación e promoción de servizos de atención directa que sirvan para a atención, formación e promoción da autonomía e integración na sociedade de persoas con drogodependencias, para a promoción e organización de actividades de ocio e tempo libre, que fomenten a súa participación na comunidade, e establecer actividades de colaboración con outras entidades e institucións.

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a A.F. vinculada ó desenvolvemento de programas orientados a colectivos con determinadas necesidades especiais pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a incrementar os niveis de autonomía destas persoas, a mellorar a condición física destes colectivos da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.

Tendo en conta o interese común de ambas as dúas entidades, atendendo á proposta remitida pola Asociación Alborada considerando que ademais esta entidade conta con recursos propios suficientes, tanto materiais como persoais, e capacidade, para o desenvolvemento do dito programa, e atendendo ó interese do Concello por ofertar actividades relacionadas con obxectivos orientados a con estes colectivos, plantéase a necesidade de articular un convenio de colaboración que permita establecer as condicións necesarias para o desenvolvemento da dita actividade coordinada pola Asociación Alborada, unificando esforzos e criterios, operativizando e optimizando recursos, e ampliando a oferta deportiva neste ámbito.

A través do presente informe proposta, a Concellería de Deportes, busca a colaboración ca Asociación Alborada. O obxectivo principal do mesmo, trata de encamiñar as súas actuacións á colaboración cunha entidade que defínese como un axente social e deportivo con garantías de calidade no desenvolvemento dos proxectos deportivos.

Por outra banda dende a Concellería de Deportes, trabállase na necesidade de incrementar as posibilidades de uso de instalacións deportivas na cidade, para poder dar resposta ás solicitudes de uso de instalacións por parte dos diferentes centros educativos, polo cal, esta proposta ven establecer dunha forma operativa, unha mellora de cara a programar as diversas actividades deportivas da cidade.

Tendo en conta que o principal obxectivo deste proxecto, busca a unificación dos criterios de promoción deportiva na cidade, ó mesmo tempo que pretende aunar os esforzos, e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento dunha oferta deportiva axeitada, e así, entre ambas entidades establecerase a base de colaboración xa que a Asociación Alborada conta cos medios humanos necesarios para facilitar a organización, seguimento e control das actividades que se planteen neste convenio e por parte da Concellería de Deportes cóntase coa infraestrutura deportiva.

Todos estes criterios, nos levan demostrar que existen mostras e pautas de mutuo acordo para unificar criterios, e aunar os esforzos das diversas administracións que promocionan a actividade deportiva na cidade, polo que enténdese que o contido do obxecto que regúlase no marco desta proposta de convenio se atopa incluído no establecido no artigo 4.d) do R.D. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xa que a Concellería de Deportes non busca a provisión dun servizo nin a adquisición dun ben, senón o establecemento dun marco de relación, que permita complementar actuación de ambas as dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, quedando excluído o negocio por razóns obxectivas do R.D. 3/2011.

As cláusulas xerais da proposta de convenio desenvolveranse sobre os seguintes apartados:

- a) Buscase o uso dunha instalación pola Asociación Alborada para as actividades pertencentes o seu proxecto deportivo , na instalación da piscina e ximnasio de Teis.
- b) A Concellería de Deportes facilitará o uso das instalacións deportivas Municipais dentro dun ámbito horario concreto en función das necesidades e en función da dispoñibilidade de instalacións.
- c) A Asociación Alborada, responsabilizarase e garantirá mediante persoal propio das tarefas básicas do control e vixianza das actividades vinculadas ó obxecto do convenio.
- d) A Asociación Alborada, será a responsable da execución da actividade, para o cal deberá ter unha póliza de responsabilidade civil que cubra os diversos ámbitos de actuación e responsabilidades derivadas das obrigas deste convenio.
- e) A Asociación Alborada, para garantir un uso equitativo e equilibrado das instalacións, atenderá ás normas xerais de uso de instalacións deportivas municipais do da Concellería de Deportes.

#### HORARIOS E INSTALACIÓN:

A actividade se realizará na Instalación da Piscina e Ximnasio de Teis, nos horarios seguintes:

Días	Horario
------	---------

Luns	Piscina.	De 12:30 a 13:30
Martes	Ximnasio.	De 12:30 a 13:30
Mércores	Piscina.	De 12:30 a 13:30
Xoves	Ximnasio.	De 12:30 a 13:30
Venres	Piscina.	De 12:30 a 13:30

#### PRAZO DO CONVENIO:

O prazo do convenio, abarcará a duración dunha tempada deportiva, dende a data da sinatura do presente convenio ata o 31 de xullo do ano 2018. Para a continuidade do obxecto deste convenio será necesaria a tramitación dun novo convenio, previa solicitude da entidade.

#### VALOR ECONÓMICO DO CONVENIO:

A Asociación Alborada, en base ó artigo 5 A)4, da ordenanza nº 52, reguladora de prezos públicos pola utilización de instalacións deportivas municipais, ca tramitación do presente informe proposta e firma do convenio de colaboración ca entidade, estará exenta de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 228 horas (91 horas de ximnasio e 137 horas de piscina) durante a duración do convenio, a 4,60 € a hora de ximnasio e a 5,85 € a hora de piscina, e que ascende ó importe estimado de 1220.05 €.

#### CAPACIDADE PARA A SINATURA DO PRESENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN:

A Asociación Alborada, presentarase ca representación legal correspondente para asinar o presente convenio.

#### PROPOSTA:

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local.

a) Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Concellería de Deportes e a Asociación Alborada. para o uso da instalación deportiva dentro do seu programa de actividade física.

b) Autorizar a exención do pago do prezo público correspondente á utilización da instalación da Piscina e Ximnasio de Teis, que ascende a 1220,05 €, para o desenvolvemento das actividades do programa de actividade física, en base o apartado “A,4” do artigo 5 “Exencións e Bonificación” das Ordenanzas e Tributos do Concello de Vigo no ano 2017, na súa ordenanza 52”.

c) Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO:

PROPOSTA DE TEXTO DO CONVENIO:

CONVENIO DE COLABORACIÓN 1476/611 ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES DE VIGO E A ASOCIACIÓN ALBORADA POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DA PISCINA E XIMNASIO DE TEIS PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTIVIDADE FÍSICA VINCULADO AS NECESIDADES ESPECIAIS DO COLECTIVO.

*Dunha parte: D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde de Vigo.*

*Doutra parte D. Delfin Fernández Álvarez con Dni 34587005-L, como Presidente da Asociación Alborada con CIF G-36624963, tal como acredita.*

MANIFESTAN QUE

*O Concello de Vigo, a través da Concellería de deportes, ten entre os seus obxectivos, colaborar coa dinamización das actividades vinculadas á actividade física e deportiva en calquera das súas manifestacións ou vertentes, entre as que se atopan as do ámbito educativo e formativo, e o desenvolvemento de programas vinculados a colectivos cunhas necesidades especiais.*

*A Asociación Alborada, é unha entidade declarada de utilidade pública, de carácter benéfico-social, sin ánimo de lucro, con capacidade jurídica e plena capacidade de obrar según os estatutos presentados pola entidade.*

*A Asociación Alborada ten entre os seus fins, a creación e promoción de servicios de atención directa que sirvan para a atención, formación e promoción da autonomía e integración na sociedade de persoas con drogodependencias, para a promoción e organización de actividades de ocio e tempo libre, que fomenten a súa participación na comunidade, e establecer actividades de colaboración con outras entidades e institucións.*

*As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a A.F. vinculada ó desenvolvemento de programas orientados a colectivos con determinadas necesidades especiais pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a incrementar os niveis de autonomía destas persoas, a mellorar a condición física destes colectivos da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes e no ámbito deportivo.*

*Polo cal procédese asinar un convenio de colaboración que rexirásese polas seguintes cláusulas,*

CLAÚSULAS

- 1.- Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua que permita desenvolver o programa de Actividade física da Asociación Alborada nas instalacións Municipais da Piscina e Ximnasio de Teis.*

- 2.- *A Asociación Alborada, en base ó artigo 5 A)4, da ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos das instalacións deportivas municipais pertencentes a Concellería de Deportes, estará exento de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 228 horas (91 horas de ximnasio e 137 horas de piscina) durante a duración do convenio, a 4,60 € a hora de ximnasio e a 5,85 € a hora de piscina, e que ascende ó importe estimado de 1220.05 €.*
- 3.- *A Asociación Alborada comprométese a desenvolver o Programa de Actividade Física nas condicións establecidas no presente convenio, na instalación deportiva municipal da Piscina e Ximnasio de Teis. nos horarios e datas establecidos no presente convenio.*
- 4.- *A Asociación Alborada presentará, á sinatura do convenio o listado de cursos que desenvolverán as clases en cada franxa horaria.*
- 5.- *A Asociación Alborada é o responsable do desenvolvemento das clases na instalación Municipal, debendo estar presente na instalación en todo momento o responsable da clase.*
- 6.- *A Asociación Alborada comunicará a Concellería de Deportes con antelación suficiente calquera cancelación ou alteración nos horarios da actividade.*
- 7.- *A Concellería de Deportes non terá ningunha responsabilidade co calquera incidente que poidera resultar derivado do desenvolvemento da actividade programada.*
- 8.- *A Entidade deberá ter unha póliza de responsabilidade civil de cobertura da actividade e cobertura de accidentes.*
- 9.- *Os participantes que desenvolvan a actividade na instalación será exclusivamente os vinculados o programa de actividades, non estando permitido ningún outro uso que non sexa a impartición deste programa de actividade física.*
- 10.-*Os participantes accederán á instalación precedidos polo responsable da entidade, non estando permitido o acceso dos participantes en caso contrario. Da mesma forma, o responsable da actividade será a última persoa en abandonar a instalación, asegurándose de que ningún participante queda na instalación.*
11. *A Concellería de Deportes, aportará o espazo para o desenvolvemento das actividades.*
12. *A Concellería de Deportes resérvase a posibilidade de dispoñer da instalación por cuestións de programación ou mantemento. Neste caso comunicarse a entidade esta anulación.*
13. *A vixencia deste convenio é para as citadas actividades dende a data de sinatura do presente convenio ata o 31 de Xullo de 2018, a posibles modificacións solicitadas polo centro, estarán supeditadas a criterios de organización e dispoñibilidade de instalacións:*

Días	Horario
Luns	Piscina. De 12:30 a 13:30
Martes	Ximnasio. De 12:30 a 13:30
Mércores	Piscina. De 12:30 a 13:30
Xoves	Ximnasio. De 12:30 a 13:30
Venres	Piscina. De 12:30 a 13:30

14. No caso de incumplimento das obrigas e os compromisos asumidos neste convenio, por cada unha das partes, poderase aplicar medidas de suspensión ou anulación da vixencia do convenio.

Como proba da conformidade asinan en Vigo o presente convenio por duplicado, o día \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **7(1001).- PROXECTO DE CONVENIO COA AGRUPACIÓN DEPORTIVA VIGO PARA A DINAMIZACIÓN DO PROGRAMA DE COMPETICIÓN “VIGO EN XOGO”. EXPTE. 1483/611.**

Visto o informe xurídico do 13/09/17 e informe de fiscalización do 20/09/17, dáse conta do informe-proposta do 11/09/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade Técnica, o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

Con data 24 de Agosto de 2017 asínase o informe proposta para orde de inicio polo director técnico.

Con data 24 de Agosto de 2017 asínase a orde de inicio polo Concelleiro Delegado de Deportes.

Con data 13 de Setembro de 2017 asínase o informe xurídico favorable.

Con data 20 de Setembro de 2017 asínase informe de fiscalización de intervención no que se solicita a actualización de documentación relacionada nos seguintes puntos:

a) A entidade debe presentar a certificación negativa no rexistro central de delinquentes sexuais de todos os seus monitores, conforme ao Real Decreto 1110/2015 de 11 de decembro, tal e como esixe o artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil.

b) Debe incorporarse ao expediente certificado acreditativo de que a Asociación está ao corrente coas obrigas tributarias coa AEAT e coa Xunta (o certificado da Xunta caducou o 08/09/2017).

En relación o punto a) infórmase que En todo o “Programa de Vigo En Xogo 2017-2018” participan soamente adultos. A Entidade non realiza ningunha actividade con menores polo que non dá lugar a presentación das certificacións solicitadas.

En relación o punto b) incorpórase documentación vixente coas obrigas tributarias da AEAT e coa Xunta.

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

- Lei 7/1985 do 2 de abril emítase informe de necesidade do técnico 25 2.I) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. Modificada pola lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e Sostibilidade da administración local.
- Lei 5/2007, de administración Local de Galicia artigo 80.2), actividades e instalacións culturais e deportivas e a ocupación do tempo libre.
- Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do deporte de Galicia, artigo 8, entre outros fins reflicte, fomentar, promover e difundir o deporte especialmente en idade escolar, velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso de estas.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público
- Instrución nº 1/2014, da Intervención Xeral.
- Ordenanza nº52 de tributos e prezos públicos do Concello de Vigo reguladora da utilización das instalacións deportivas municipais.

#### XUSTIFICACIÓN:

Na actualidade, a Asociación Deportiva Vigo é unha entidade deportiva que agrupa ás entidades que participan cos seus equipos na competición propia da Agrupación Deportiva Vigo denominada VIGO EN XOGO, dinamizando as mesmas no ámbito da cidade de Vigo. Por outro lado, a Concellería de Deportes, define como accións prioritarias todas aquelas que busquen a promoción da practica deportiva na cidade, polo cal considerase adecuado propoñer a colaboración entre estas dúas entidades co fin de poder mellorar a oferta deportiva xeral da Cidade.

A través do presente informe proposta, a Concellería de Deportes, busca a colaboración cos administrados afectados directamente, como son os que engloba a propia entidade



Agrupación Deportiva Vigo. O obxectivo principal do mesmo, trata de encamiñar as súas actuacións á colaboración cunha entidade que defínese como un axente social e deportivo con garantías de calidade no desenvolvemento dos proxectos deportivos.

Por outra banda dende a Concellería de Deportes, trabállase na necesidade de incrementar as posibilidades de uso de instalacións deportivas na cidade, para poder dar resposta ás solicitudes de uso de instalacións por parte das diferentes entidades deportivas, polo cal, esta proposta ven establecer dunha forma operativa, unha mellora dentro das necesidades da Concellería de Deportes de cara a programar as diversas actividades de adestramentos e competicións da cidade.

Tendo en conta que o principal obxectivo deste proxecto, busca a unificación dos criterios de promoción deportiva na cidade, ó mesmo tempo que pretende aunar os esforzos, e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento dunha oferta deportiva axeitada, e así, entre ambas entidades establecerase a base de colaboración xa que a entidade Agrupación Deportiva Vigo conta cos medios humanos necesarios para facilitar a organización, seguimento e control das actividades que se planteen neste convenio e por parte da Concellería de Deportes cóntase coa infraestrutura deportiva.

Todos estes criterios, nos levan demostrar que existen mostras e pautas de mutuo acordo para unificar criterios, e aunar os esforzos das diversas administracións e entidades que promocionan a actividade deportiva na cidade, polo que enténdese que o contido do obxecto que regúlase no marco desta proposta de convenio se atopa incluído no establecido no artigo 4.d) do R.D. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xa que a Concellería de Deportes non busca a provisión dun servizo nin a adquisición dun ben, senón o establecemento dun marco de relación, que permita complementar actuación de ambas as dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, quedando excluído o negocio por razóns obxectivas do R.D. 3/2011.

As cláusulas xerais da proposta de convenio desenvolveranse sobre os seguintes apartados:

- 1.- Buscase a dinamización dun programa deportivo vinculado co desenvolvemento da competición na modalidade de fútbol sala, Baloncesto e fútbol 7 na cidade de Vigo.
- 2.- Para o desenvolvemento deste programa de promoción de practica deportiva, a Concellería de Deportes facilitará o uso das instalacións deportivas Municipais dentro dun ámbito horario concreto en función das necesidades concretas semanais derivadas da competición federada escolar de ámbito local e en función da dispoñibilidade de instalacións.
- 3.- A entidade organizadora Agrupación Deportiva Vigo, responsabilizarase e garantirá mediante persoal propio das tarefas básicas do control e vixianza das actividades vinculadas ó obxecto do convenio.
- 4.- A entidade organizadora Agrupación Deportiva Vigo, será a responsable da execución do programa deportivo, para o cal deberá ter unha póliza de responsabilidade civil que cubra os diversos ámbitos de actuación e responsabilidades derivadas das obrigas deste convenio.
- 5.- A Agrupación Deportiva Vigo, para garantir un uso equitativo e equilibrado das instalacións, atenderá ás normas xerais de uso de instalacións deportivas municipais do da Concellería de Deportes.

6.- En toda a información e publicidade dos eventos e programas deportivos específicos e vinculados a este convenio figurarán os logos do Concello de Vigo, e a Concellería de Deportes. Así mesmo en todos o medios de promoción deberán empregar o “galego”.

#### HORARIOS E INSTALACIÓN:

A actividade se realizará nas instalacións dispoñibles durante cada fin de semana nos horarios seguintes:

<i>Días</i>	<i>Horario</i>
<i>Sábados</i>	<i>Entre as 16,00h a 22,00h</i>
<i>Domingos</i>	<i>Entre as 9.00 e 14:00 e as 16,00h a 22,00h</i>

Unha media cada fin de semana, de 15 partidos de baloncesto (20 horas), 35 partidos de fútbol sala (40 horas) e 60 partidos de fútbol 7 (30 horas).

#### PRAZO DO CONVENIO:

O prazo do convenio, abarcará a duración dunha tempada deportiva, dende a data da sinatura do presente convenio ata o 30 de xuño do ano 2017. Para a continuidade do obxecto deste convenio será necesaria a tramitación dun novo convenio, previa solicitude da entidade.

#### VALOR ECONÓMICO DO CONVENIO:

A Agrupación Deportiva Vigo en base ó artigo 5 A)4, da ordenanza nº 52, reguladora de prezos públicos pola utilización de instalacións deportivas municipais, ca tramitación do presente informe proposta e firma do convenio de colaboración ca entidade, estará exenta de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 110 partidos cada fin de semana durante as 30 xornadas realizadas os fins de semana durante a duración do convenio, a 29,45 € a cada partido, cun total de 3.300 partidos, e que ascende ó importe estimado de 97.185,00 €.

#### CAPACIDADE PARA A SINATURA DO PRESENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN:

A Agrupación Deportiva Vigo, presentarase ca representación legal correspondente para asinar o presente convenio.

#### PROPOSTA:

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local.

a) Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Concellería de Deportes e a Asociación Deportiva Vigo para o uso da instalación deportiva dentro do seu programa de actividade física “Vigo en Xogo”.

b) Autorizar a exención do pago do prezo público correspondente á utilización das instalacións municipais, que ascende a 97.185,00 €, para o desenvolvemento das actividades do programa de actividade física, en base o apartado “A,4” do artigo 5 “Exencións e Bonificación” das Ordenanzas e Tributos do Concello de Vigo no ano 2017, na súa ordenanza 52”.

c) Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO:

PROPOSTA DE TEXTO DO CONVENIO:

CONVENIO DE COLABORACIÓN 1483/611 ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES DE VIGO E A AGRUPACIÓN DEPORTIVA VIGO POLA UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE VIGO EN XOGO.

*Dunha parte: D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde de Vigo.*

*Doutra parte D. Alejandro Costas González como presidente da Agrupación Deportiva Vigo (G-36651123), según consta na documentación remitida pola entidade .*

### MANIFESTAN QUE

*Que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, xestiona a infraestrutura deportiva da cidade e que de forma xeral desenvolve programas de promoción deportiva en tódolos ámbitos.*

*Que ambas entidades están interesadas en colaborar conxuntamente na coordinación de esforzos de cara a reunir os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento de programas de colaboración en materia de promoción e dinamización da práctica deportiva.*

*Que de forma xenérica o obxecto principal do presente convenio engloba unha serie de actuacións en relación á dinamización e potenciación dunha competición deportiva orientada no ámbito da cidade de Vigo.*

*Que a Agrupación Deportiva Vigo, ten entre as súas competencias a organización e promoción de actividades deportivas e dende o ano 1983 ben organizando competicións deportivas escolares en Vigo así como competicións recreativas nas que os deportistas non sexan federados, dende o ano 1992, o que demostra que ten unha importante capacidade organizativa.*

*Que todos estes aspectos nos levan á necesidade de conxugar o presente convenio de colaboración ca Agrupación Deportiva Vigo, establecemento un marco de relación, que permita complementar actuacións de ambas as dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, polo que dito obxecto regulado polo seguinte convenio, atopase incluído no establecido no artigo 4.d) do RD 3/2011, polo que se aproba o TRLCSP.*

*Polo tanto, e para levar a cabo as accións necesarias que fagan realidade os fins propostos, ámbalas dúas entidades suscriben o presente convenio de colaboración definindo as actuacións necesarias baixo os principios e garantías de equilibrio, capacidade e solvencia, que de forma específica especificase nas seguintes cláusulas,*

## CLAÚSULAS

*Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua que permita desenvolver o programa de Actividades Vigo en Xogo nas instalacións Deportivas Municipais.*

*A Agrupación Deportiva Vigo, en base ó artigo 5 A)4, da ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos das instalacións deportivas municipais pertencentes a Concellería de Deportes, estará exento de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total de 110 partidos cada fin de semana durante as 30 xornadas realizadas os fins de semana durante a duración do convenio, a 29,45 € a cada partido, cun total de 3.300 partidos, e que ascende ó importe estimado de 97.185,00 €.*

*A Agrupación Deportiva Vigo comprométese a desenvolver o Programa de Vigo en Xogo nas condicións establecidas no presente convenio, nas instalacións deportivas municipais nos horarios e datas establecidos no presente convenio.*

*A Agrupación Deportiva Vigo durante os horarios establecidos pola Concellería de Deportes para o desenvolvemento deste programa de promoción do fútbol sala, fútbol 7 e Baloncesto, responsabilizarase das tarefas básicas do control e vixilancia das actividades. Igualmente garantirá a custodia das propiedades e enseres depositados na instalación, para o cal deberá comunicar os correspondentes partes de incidencias sobre calquera desperfecto atopado ou ocasionado polas actividades. De forma xeral tódalas incidencias e necesidades serán transmitidas coa maior celeridade posible ó departamento correspondente da Concellería de Deportes para o seu fluído tratamento e coñecemento.*

*A Agrupación Deportiva Vigo é o responsable do desenvolvemento da actividade de “Vigo en Xogo” na instalación Municipal, debendo estar presente na instalación en todo momento o responsable da clase.*

*A Agrupación Deportiva Vigo comunicará a Concellería de Deportes con antelación suficiente calquera cancelación ou alteración nos horarios da actividade.*

*A Concellería de Deportes non terá ningunha responsabilidade co calquera incidente que poidera resultar derivado do desenvolvemento da actividade programada.*

*A Entidade deberá ter unha póliza de responsabilidade civil de cobertura da actividade e cobertura de accidentes previa á sinatura do convenio.*

*Os participantes que desenvolvan a actividade na instalación serán exclusivamente os vinculados o programa de actividades Vigo en Xogo, non estando permitido ningún outro uso que non sexa a impartición desta actividade.*

*Os participantes accederán á instalación precedidos polo responsable da entidade, non estando permitido o acceso dos participantes en caso contrario. Da mesma forma, o responsable da actividade será a última persoa en abandonar a instalación, asegurándose de que ningún participante queda na instalación.*

A Concellería de Deportes, aportará o espazo para o desenvolvemento das actividades.

A Concellería de Deportes resérvase a posibilidade de dispoñer da instalación por cuestións de programación ou mantemento. Neste caso comunicárase a entidade esta anulación.

A vixencia deste convenio é para as citadas actividades nos seguintes horarios para a tempada 2017-2018 ata o 30 de Xuño de 2018, a posibles modificacións solicitadas pola Agrupación, en todo caso, estarán supeditadas a criterios de organización e dispoñibilidade de instalacións:

A actividade se realizará nas instalacións dispoñibles durante cada fin de semana nos horarios seguintes:

Días	Horario
Sábados	Entre as 16,00h a 22,00h
Domingos	Entre as 9.00 e 14:00 e as 16,00h a 22,00h

Unha media cada fin de semana, de 15 partidos de baloncesto (20 horas), 35 partidos de fútbol sala (40 horas) e 60 partidos de fútbol 7 (30 horas).

–No caso de incumplimento das obrigas e os compromisos asumidos neste convenio, por cada unha das partes, poderase aplicar medidas de suspensión ou anulación da vixencia do convenio.

Como proba da conformidade asinan en Vigo o presente convenio por duplicado, o día \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2017

**8(1002).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO NO PERÍODO DE MAIO ATA AGOSTO DE 2017. EXPTE. 14432/77.**

Dáse conta do informe-proposta de data 20/09/17, asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e o concelleiro delegado de Emprego, que di o seguinte:

Con fin de dar cumprimento ao establecido nas bases xerais (31ª) de execución do orzamento do Concello de Vigo, este concelleiro delegado informa á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contrato menor tramitados por este servizo de Desenvolvemento Local e Emprego durante os meses de maio, xuño, xullo e agosto de 2017:

Expediente	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Importe
14046/77	CMSUB	Adqu. Andamio Vigo Emprega 2017	Torres y Sáez, S.A.	1.348,25 €
14049-77	CMSUB	Sub. Equipos técnicos de protección Vigo Emprega 2017-1ª quenda	Peycar, S.L.	3.841,37 €
14108-77	CMSUB	Adqu. Equipos informáticos	Aevigo, S.L.	8.591,00 €

14109-77	CMSER	Asesoramento tramitación xustificación subv.	Método Estudios Consultores, S.L.U	14.075,00 €
14110-77	CMSER	Auditoría cumprimento das entidades e empresas subvencionadas polo Servizo	Aevigo, S.L.	15.125,00 €
14113/77	CMSER	Estudios e Traballo VIGO INTEGRA IV	Xenérico	4.500,00 €
14162/77	CMSER	Elaboración proxecto de obra municipal	Consulting Patiño, S.L. P	1.951,95 €

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **9(1003).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DAS SOLICITUDES PRESENTADAS Á CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE SUBVENCÍONS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA O PROGRAMA DE PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2016/2017. EXPTE. 7636/224.**

Visto o informe de fiscalización do 25/09/17, dáse conta do informe-proposta do 4/09/17, asinado pola axente de Igualdade de Oportunidade, a xefe do Servizo e a concelleira de Igualdade, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e o secretario do Pleno, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do día 22.06.2017 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria específica de subvencións da Concellería de Igualdade para a concesión a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na temporada 2016-2017.

A cantidade máxima destinada a este programa é de 27.000,00€ (vinte sete mil euros) que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A convocatoria e as bases do programa publicáronse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e no portal de transparencia do Concello de Vigo. Asemade, as Bases reguladoras e o extracto da convocatoria publicáronse nos Boletín Oficial da Provincia os días 30.06.2017 e 05.07.2017, respectivamente. O prazo de solicitudes comezou o día 6 de xullo e rematou o 19 de xullo de 2017.

No Rexistro Xeral do Concello de Vigo recibíronse 62 solicitudes: 1 entidade presenta dúas solicitudes fora de prazo (nº documentos 170097350 presentada a través de Correos o día 05.07.2017 e outra solicitude desta mesma entidade, con nº documento 170104418, presentada a través de Correos o día 20.07.2017) e 61 solicitudes foron presentadas no prazo estipulado, das cales: 3 solicitudes presentáronse a través do Rexistro electrónico (unha delas no rexistro electrónico do concello nº documento 170103282 e dúas delas a través da oficina do rexistro virtual -ORVE- da Xunta de Galicia nº documentos 170104074 e 170104053) e 1 solicitude presentada a través do Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (nº documento 170104001).

A Concellería de Igualdade, como órgano instrutor do procedemento, procedeu ao estudo das solicitudes e da documentación que debe acompañalas, solicitando ás entidades que subsanasen as deficiencias ou completasen a documentación en caso necesario.

Rematada a instrución do expediente, este foi remitido á Comisión de Avaliación, integrada por D<sup>a</sup> Eugenia Blanco Iglesias, concelleira de Igualdade que actuou como presidenta, D<sup>a</sup> Mar Soto García, axente de Igualdade e D<sup>a</sup> Cristina Gómez García, xefa do servizo de Igualdade, que ademais actúa como secretaria. A Comisión constituíuse o día 4 de setembro de 2017 co obxecto de valorar as solicitudes presentadas conforme cos criterios sinalados na base sétima da convocatoria. (Incorpórase ao expediente a acta da devandita sesión xunto coas follas valorativas de cada entidade e unha táboa que reflicte o valor dos puntos outorgados e o importe das axudas concedidas).

En cumprimento do artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, maniféstase que da información que obra no poder da Concellería de Igualdade se desprende que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas.

En aplicación das bases da convocatoria e tras o preceptivo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1º.- Conceder, con cargo á partida “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” 2311 4890000 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, as subvencións do “Programa de subvencións da Concellería de Igualdade para a concesión de axudas a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2016-2017”, por un importe total de vinte e seis mil novecentos e noventa e nove euros con setenta e catro céntimos (26.999,74 €); constando no anexo I que se incorpora, a relación de entidades, modalidades deportivas e contía das axudas concedidas.

2º.- Denegar a concesión das solicitudes de subvención que de seguido se relacionan, por considerar, o órgano instrutor, que non son conformes coas bases reguladoras do Programa.

Logo do estudo da documentación que acompaña ás 62 solicitudes a Comisión de Avaliación acorda desestimar as seguintes entidades polos motivos que se indican a continuación:

a) Por ter presentada a solicitude fóra do prazo estipulado na convocatoria (Base Décima):

- Entidade “Club Sieiro acrobacia Vigo” con CIF: G36846608

b) Por non cumprir o requisito de contar cun mínimo de 10 licencias femininas na temporada 2016-2017, ou do ano 2017 no caso das modalidades cuxa temporada deportiva sexa anual (apartado 1e da Base Quinta):

- Entidade “Club de remo de Coruxo” con CIF: G36726750

c) Por non acadar a contía mínima de subvención, establecida en 200€, trala baremación das solicitudes (apartado 3 da Base Oitava):

- Entidade: “Trasnos Béisbol Club” con CIF G27750645
- Entidade: “CAR Marisqueiro” con CIF G27737477
- Entidade: “Club de Campo de Vigo” con CIF G36613685
- Entidade: “Club Kayak Vigo” con CIF G36978559”

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CIF	ENTIDADE SOLICITANTE:	MODALIDADE DEPORTIVA	TIPO	CONTÍA SOLICITADA	TOTAL PUNTUACIÓN	CONTÍA CONCEDIDA
G36645109	Agrupación Viguesa de Atletismo	Atletismo	A	1.500,00	14	457,70 €
G27784552	Vigo Roller Derby	Patinaxe	A	1.500,00	24	710,63 €
V27713759	Club Deportivo Padel Femenino Cíes	Padel	A	1.500,00	26	837,09 €
G36815413	Club Baloncesto Rodaballo	Baloncesto	A	1.500,00	12	394,47 €
G36650273	Club de Remo Virxe da Guía	Remo Banco Fixo	A	800,00	12	394,47 €
G36743540	Club de Montaña Xistra	Montañismo	B	1.500,00	8	268,01 €
G36684819	Club Maniotas	Ximnasia rítmica	A	1.500,00	28	900,33 €
G36927689	Club Atletismo Femenino Celta	Atletismo	A	1.500,00	28	900,33 €
G36765733	Club Patinaxe Artística Valadares Vigo	Patinaxe	A	1.500,00	24	773,86 €
G36708303	Club San Ignacio de Lucha	Loita libre	A	1.500,00	8	268,01 €
G36686376	Club Sociedade Deportiva Carballal	Balonmán	A	1.500,00	14	457,70 €
G36649408	Club Deportivo Colexio Mariano	Baloncesto	A	435,00	18	435,00 €
G36929511	Club Vigo Squash	Squash	A	1.500,00	12	394,47 €
G36692317	Club Deportivo Bosco	Baloncesto	A	1.500,00	30	963,56 €



CIF	ENTIDADE SOLICITANTE:	MODALIDADE DEPORTIVA	TIPO	CONTÍA SOLICITADA	TOTAL PUNTUACIÓN	CONTÍA CONCEDIDA
G36863348	Unión Veciñal Cultural e Deportiva Candean	Fútbol- fútbol sala	A	1.500,00	10	331,24 €
G36615607	Sárdoma C F	Fútbol	A	1.500,00	12	394,47 €
G36875391	Club Baloncesto Salesianos	Baloncesto e Fútbol sala	A	1.500,00	16	520,93 €
G36942142	Club Baloncesto Seis Do Nadal Coia	Baloncesto	A	1.500,00	24	773,86 €
G36645257	Comesaña Sporting Club	Atletismo	A	1.500,00	16	520,93 €
G36886422	Club Deportivo Mosteiro Bembrive F S	Fútbol Sala	A	1.500,00	10	331,24 €
G36810075	Unión Balonmán Lavadores	Balonmán	A	1.500,00	12	394,47 €
G36948115	Club Balonmán Seis Do Nadal Coia	Balonmán	A	1.500,00	18	584,17 €
G36811974	Club Castrelos Patinaxe Artística	Patinaxe	A	1.000,00	22	710,63 €
G27781541	Judo Club Galicia Sur	Judo	B	1.000,00	8	268,01 €
G36931582	Club Deportivo Flic Flac	Ximnasia acrobática	A	1.500,00	26	837,09 €
G36737724	Club de Fútbol Balaidos	Fútbol	A	1.000,00	8	268,01 €
G36610384	Real Aero Club de Vigo	Golf	B	1.500,00	10	331,24 €
G36823524	Club Natación Traviesas	Natación Master	A	1.500,00	10	331,24 €
G27763812	Natación Sincronizada Rias Baixas Vigo	Natación Sincronizada	A	1.500,00	24	773,86 €
G36650885	Club Ciclista Vigués	Ciclismo	A	1.500,00	10	331,24 €

CIF	ENTIDADE SOLICITANTE:	MODALIDADE DEPORTIVA	TIPO	CONTÍA SOLICITADA	TOTAL PUNTUACIÓN	CONTÍA CONCEDIDA
G36713493	Club Deportivo Xuvenil Teis	Voleibol	A	1.500,00	18	584,17 €
G27778521	Pecheches FS	Fútbol	A	1.500,00	10	331,24 €
G36704666	Fede.Viguesa Peñas Recreativas El Olivo	Patinaxe	A	1.500,00	16	520,93 €
G27822006	Club de Piragüismo Olívico	Piragüismo	A	1.500,00	10	331,24 €
G36990109	Club Volei Praia Vigo	Voleipraia	A	1.500,00	22	710,63 €
G36707586	Club de Lucha El Castro	Loitas Olímpicas	A	650,00	8	268,01 €
G36827079	Club Natación Rias Baixas	Natación	A	1.500,00	16	520,93 €
G36649283	Club Polideportivo AlertaNavia	Fútbol	A	1.500,00	8	268,01 €
G36850014	Prado Surf Club	Surf	B	1.500,00	9	299,62 €
G36630192	Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia	Montañismo	B	1.500,00	11	362,85 €
G36982239	Escuelas Deportivas Vigo 2015 Fútbol Sala	Fútbol e Fútbol Sala	A	1.000,00	8	268,01 €
G27749837	As Sport Vigo	Taekwondo	B	1.500,00	15	489,32 €
G27791474	Club Novobasket Vigo	Baloncesto	A	1.500,00	8	268,01 €
G27808575	Estibadores/as Fútbol Gaélico Vigo	Fútbol Gaélico	A	1.500,00	10	331,24 €
G27747864	Black Voley Vigo	Voleibol	A	1.500,00	22	710,63 €
G36819779	Club Asoc Polideportivo "Aspanaex"	Polideportiva. Deporte adaptado	A	900,00	12	394,47 €
G36642247	Espeleo Club Aradelas de Vigo	Espeleoloxía	A	500,00	10	331,24 €

CIF	ENTIDADE SOLICITANTE:	MODALIDADE DEPORTIVA	TIPO	CONTÍA SOLICITADA	TOTAL PUNTUACIÓN	CONTÍA CONCEDIDA
G36888543	Club de Esgrima Ciudad de Vigo	Esgrima	A	1.500,00	16	520,93 €
G36963106	Sociedade Deportiva Amigas Polo Fútbol Sala	Fútbol Sala	A	1.500,00	22	710,63 €
G27810761	Club Deportivo Seungsport	Taekwondo	B	1.500,00	11	362,85 €
G27768118	Club Balonmano Playa Painkillers	Balonmán Praia	A	790,00	10	331,24 €
G36645091	Club As Rodas Patinaxe Artística de Vigo	Patinaxe	A	1.500,00	24	773,86 €
G36637890	Club Montañeiros Celtas	Espeleoloxía	A	1.500,00	16	520,93 €
		Montañismo	B			
G36617082	Centro Cultural Artístico Recreativo de Valadares	Fútbol	A	1.500,00	10	331,24 €
G36805158	Centro Veciñal e Cultural de Valadares	Fútbol Sala	A	1.500,00	10	331,24 €
G36743433	Club de Fútbol San Miguel	Fútbol	A	1.500,00	8	268,01 €
				TOTAL:		26.999,74 €

**10(1004).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS DE BEADE, BEMBRIVE, CABRAL, LAVADORES, CANDEÁN, PEREIRO, TEIS E ZAMÁNS. EXPTE. 8700/255.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21/09/17, dáse conta do informe-proposta do 4/09/17, asinado polo xefe do servizo de Medio Ambiente, conformado pola concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## I.- FEITOS

**I.1.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 24 de maio de 2013, adxudicou a SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL, S.L.), o contrato do servizo de mantemento integral dos cemiterios municipais do Concello de Vigo (expte. 8700/255) por un prezo total de 789.826,79€ (IVE 21% incluído), sendo a cota corresponde ó IVE de 137.077,38 euros.

O contrato formalizouse en documento administrativo en data do 14/06/2013.

O prazo do contrato é de tres anos contados desde o día de inicio, 16/06/2013.

O prezo para os tres anos de contrato é de 789.826,79 € (IVE 21% incluído) o que representa un prezo anual con IVE de 263.275,60 euros.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 12/12/2014, aprobou o prezo revisado do contrato para a anualidade comprendida entre o 16/06/14 a 15/06/15, en 265.750,39 euros (IVE engadido).

A Xunta de Goberno Local en sesión do 30/10/2015, aprobou o prezo revisado do contrato para a anualidade comprendida entre o 16/06/15 a 15/06/16, en 265.989,57 euros (IVE engadido).

A Xunta de Goberno Local en sesión do 15 de abril de 2016, aprobou a primeira prórroga anual, para o período comprendido entre o 16/06/2016 e o 15/06/2017.

A Xunta de Goberno Local en sesión do 08/06/2017, aprobou a terceira revisión do prezo do contrato para a anualidade comprendida entre o 16/06/16 a 15/06/17 de 264.180,84 euros, sendo o prezo mensual do contrato de 22.015,07 euros (IVE 21% engadido) e, tamén, aprobou a segunda prórroga do contrato para o período comprendido entre o 16/06/2017 ata o 15/06/2018, ou inferior que resulte ata o día inmediatamente anterior á data de inicio do novo contrato cuxo procedemento se atopa en tramitación co número 10850/255.

**I.2.-** Revisión de prego do contrato:

**I.3.-** Segundo o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexen o contrato:

a) O prazo de execución do contrato e de tres anos (dende o 16/06/2013)

c) Prevé a posibilidade de tres prórrogas dun ano cada unha.

d) O apartado 3.I) das follas de características do contrato do PCAP establece a revisión de prezos nos seguintes termos:

*“Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data da formalización do contrato e recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data da revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade”.*

**I.4.-** Aplicado o anteriormente exposto ao contrato que nos ocupa resultaría a seguinte revisión do prezo:

A data de formalización do contrato foi o 14/06/2013, polo que a primeira revisión do prezo procedeu a partir do 15 de xuño de 2014, a segunda a partir do 15 de xuño de 2015, a terceira a partir do 15 de xuño de 2016.

A data de finalización do prazo de presentación de ofertas foi do 30/11/2012, e data de adxudicación do contrato foi 24/05/2013 (máis de tres meses despois).

O IPC aplicado na terceira revisión do prezo do contrato foi de xuño de 2015 a xuño de 2016, polo que a cuarta será de xuño de 2016 a xuño de 2017, e que segundo os datos do INE foi de 1,50 % (cálculo segundo páxina web do INE), sendo o 85% do dita variación de 1,28 %.

O prezo revisado a pagar para o período dun ano comprendido dende o 16 de xuño de 2017 ata o 15 de xuño de 2018 será:

- $1,50\%(85\% \text{ de } 264.180,84\text{€/ano})= 1,28\% \text{ de } 264.180,84\text{€/ano}= 3.381,51 \text{ €/ano}$
- Total prezo anual revisado (16/06/2017 a 15/06/2018), IVE engadido: 267.562,35 euros.

Cálculo de atrasos para o período comprendido entre o 16/06/2017 ata o 31/08/2017,  $3.381,51\text{€/ano}:12 \times 2,5 \text{ meses} = 704,48 \text{ euros.}$

## II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO:

**II.1.-** O contrato cuxa revisión de prezos nos ocupa foi adxudicado a Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L. (SAMYL, S.L) por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 24 de maio de 2013 (expte. 8700/255), formalizado en documento administrativo o 14/06/2013 e, por tanto, ao abeiro do réxime xurídico establecido pola redacción vixente naquela data do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (en adiante, TRLCSP).

**II.2.-** O TRLCSP vixente á sazón establecía:

- Artigo 87. 3. *“Os prezos fixados no contrato poderán ser revisados ou actualizados, nos termos previstos no Capítulo II deste Título (artigo 89 e ss.), se se trata de contratos das Administracións públicas, ou na forma pactada no contrato, noutro caso, cando deban ser axustados, á alza ou á baixa, para ter en conta as variacións económicas que acaezan durante a execución do contrato”.*

O artigo 89 e ss. do citado TRLCSP regulaban, con carácter xeral, a revisión de prezos nos contratos das Administracións públicas e determinaba nos apartados 1 e 3 deste artigo o seguinte:

- 1.- *A revisión de prezos dos contratos das Administracións Públicas terá lugar, nos termos establecidos neste Capítulo e salvo que a improcedencia da revisión se prevera expresamente nos pregos ou pactado no contrato, cando este se executara, ó menos, no 20 por 100 do seu importe e transcorrerá un ano desde a súa formación. En consecuencia, o primeiro 20 por 100 executado e o primeiro ano transcorrido desde a formalización quedarán excluídos da revisión.*
- 3.- *O prego de cláusulas administrativas particulares ou o contrato deberán detallar, no seu caso, a fórmula ou sistema de revisión aplicable.*

**II.3.-** O apartado 3.l) das follas de características do PCAP do contrato establece a revisión de prezos nos seguintes termos:

*“Procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data da formalización do contrato e recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data da revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade”.*

**II.4.-** A Disposición transitoria sobre o réxime de revisión dos valores monetarios da Lei estatal 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española, a cal da unha nova redacción ó artigo 89 do TRLCS sobre o réxime de revisión de prezos dos contratos, sinala no seu apartado 1 que:

*“O réxime de revisión de prezos dos contratos incluídos dentro do ámbito de aplicación do TRLCSP, aprobado polo Rdl 3/2011, de 14 de novembro, cuxo expediente de contratación fora iniciado antes da entrada en vigor do real decreto ó que se refire o artigo 4 desta Lei será o que estea establecido nos pregos. (...)”*

**II.5.-** A recomendación de data 19/05/2015, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sobre a aplicación do novo réxime xurídico de revisión de prezos creado como consecuencia da Disposición Adicional 88ª da Lei 22/2013, de 23 de decembro, de presupostos xerais do estado para o ano 2014 e a Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española, sinala no apartado I da parte dispositiva de dita recomendación o seguinte:

“I. Respecto ós contratos sometidos ó Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado mediante Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro:

*a) No caso de que se trate de contratos que se iniciaran antes da entrada en vigor da Disposición Adicional 88ª da LPGE PARA 2014, entendendo a estes efectos que os expedientes de contratación foron iniciados se se houbera publicado a correspondente convocatoria do procedemento de adxudicación do contrato ou a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, se o procedemento de adxudicación foran negociados sen publicidade, seralles de aplicable o artigo 89 do TRLCSP, na redacción data polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou, no seu caso, a normativa de contratación pública anterior que resulte de aplicación en función do momento en que fora iniciado o expediente, mentras que ós contratados da entidades públicas non Administración pública, seralles de aplicación a normativa contida dentro do artigo 87.3 deste mesmo texto legal.*

*(...)”*

**II.6.-** Por tanto, desde o punto de vista xurídico, pode concluírse que procede a revisión do prezo do contrato que nos ocupa nos termos establecido no PCAP que rexe o contrato conforme ó artigo 89 do TRLCS segundo a redacción dada polo Rdl 3/2011, de 14 de novembro, que é a aplicada no presente caso.

**II.7.** O pagamento do prezo revisado do contrato e o pagamento dos atrasos derivados da revisión de prezo pode efectuarse con cargo a partida orzamentaria 1640.227.99.00 “mantemento xardíns cemiterios” e a súa bolsa de vinculación, sen que a utilización da bolsa de vinculación repercuta no normal funcionamento do servizo.

### **III.- Competencia**

É órgano competente para a revisión do prezo do contrato, a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación do Concello de Vigo ao abeiro do establecido na Disposición adicional segunda, apartado 3, do Rdl 3/2011, de 14 de novembro.

Por todo o exposto, trala fiscalización de conformidade pola Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a cuarta revisión do prezo do contrato do servizo de mantemento integral dos cemiterios municipais do Concello de Vigo: Beade, Bembrive, Cabral, Lavadores, Candeán, Pereiro, Teis e Zamáns (expte. 8700/255), adxudicado á entidade Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L. (SAMIL, S.L.) por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25/05/2013, formalizado en documento administrativo en data do 14/06/2013, con data de inicio o 16/06/2013, para a anualidade comprendida entre o 16/06/17 a 15/06/18 de 267.562,35 euros (IVE 21% engadido), de conformidade co establecido na parte expositiva deste acordo. A partir de setembro de 2017 (inclusive) o prezo mensual do contrato será de 22.296,86 euros (IVE 21% engadido).

**SEGUNDO.-** Autorizar o pagamento de 704,48 euros (IVE 21% engadido) en concepto de atrasos pola revisión de prezo do contrato correspondente ó período comprendido entre o 16/06/2017 a 31/08/2017, con cargo á partida 1640.227.99.00 “Mantemento xardíns dos cemiterios” e a súa bolsa de vinculación, sen que a utilización da bolsa de vinculación repercuta no normal funcionamento do servizo.

**TERCEIRO.-** **Notificar este acordo á entidade adxudicataria informándolle que conforme ós artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e os artigos 8, 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados desde o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.**

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(1005).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDIMIENTO DE ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DO QUIOSCO 1 AREAL DA PUNTA NA GUÍA E QUIOSCO 10 NO AREAL DO VAO DE OCUPACIÓN, INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DE SERVIZOS DE TEMPORADA: QUIOSCOS NAS PRAIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 12743/306.**

Dáse conta do informe-proposta 22/09/17, asinado polo xefe do servizo de Medio Ambiente, e a concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

1.- Lexislación aplicable:

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a ocupación, instalación e explotación de servizos de temporada nas praias: quiosco 1 areal da Punta na Guía e Quiosco 10 areal do Vao (12743/306).

2.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 03 de agosto de 2017, acordou:

*1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 12743/306 para adxudicación das autorizacións do quiosco 1 Areal da Punta na Guía e quiosco 10 no areal do Vao de ocupación, instalación e explotación de servizos de temporada: quioscos nas praias do concello de Vigo durante a tempada estival do ano 2017, co posibilidade de prórroga para o ano 2018.*

*2º.- Aproba-lo prego de cláusulas administrativas para a ocupación, instalación, e explotación de servizos de temporada nas praias: quiosco 1 areal da Punta na Guía e quiosco 10 areal do Vao, asinado dixitalmente o 21 de xullo de 2017.*

*3º.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento negociado con publicidade no perfil do contratante e trámite urxente conforme ó establecido na lexislación de aplicación*

*4º.- Dispoñer que a mesa de contratación non interveña neste procedemento, ao ser potestativa a súa constitución segundo o artigo 320.1 do TRLCSP.”*

3.- O secretario de Goberno Local co visto e praza do concelleiro de Xestión Municipal, Personal, Patrimonio e Administración Electrónica, en data do 21/08/ 2017, certifica:

“Que durante o prazo sinalado pola oficina de Contratación, para a presentación de proposicións, publicado no PERFIL DO CONTRATANTE o 07/08/2017, para a contratación polo procedemento negociado con publicidade do “ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS PARA OCUPACIÓN, INSTALACIÓN, EXPLOTACIÓN POR TERCEIROS PARTICULARES DE QUIOSCOS DE TEMPORADA, EN TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO, NÚMERO 1 SITUADO NO AREAL DE A PUNTA, A GUÍA, E



NÚMERO 10 SITUADO NO AREAL DE O VAO POLO PROCEDEMEN. Expte. 12743-306”, que rematou o día 14 de agosto do presente ano ás 13:30 horas, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes non se presentou ningunha proposta.”

- 4.- Ó non terse presentado ningunha proposición durante o prazo establecido, procede declarar deserto o procedemento de licitación, sen que sexa preciso a intervención da Mesa de Contratación ao ser potestativa a súa constitución segundo o artigo 320.1 do TRLCSP e telo así acordado expresamente a Xunta de Goberno Local en sesión do 3 de agosto de 2017.
- 5- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, PROPONSE á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*Declarar deserto o procedemento de adxudicación das autorizacións do quiosco 1 Areal da Punta na Guía e quiosco 10 no areal do Vao de ocupación, instalación e explotación de servizos de temporada: quioscos nas praias do concello de Vigo durante a tempada estival do ano 2017, co posibilidade de prórroga para o ano 2018, -expte. 12743/306- por non terse presentado ningunha proposición.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(1006).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROXECTO DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN E EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL: PERCORRIDOS MEDIOAMBIENTAIS DE OUTONO”- CAMIÑO A CAMIÑO 2017. EXPTE. 12879/306.**

Dáse conta do informe-proposta de data 21/09/17, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e a concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES:**

A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 20 de setembro de 2017, acordou a iniciación de procedemento para a elaboración e aprobación do proxecto de sensibilización e educación medioambiental coa temática Percorridos Medioambientais de Outono.

O Servizo de Medio Ambiente redacta o mencionado proxecto que recolle sete rutas medioambientais por Vigo e Bisbarra, para un total de 21500 participantes, que se desenvolveran nos meses de outono e novembro as cales van dirixidas ao coñecemento dos ecosistemas da área de influencia de Vigo, tanto nas súas dimensións de flora e fauna coma de conformación dos ecosistema e das dinámicas de adaptación ao medio é a protección deste, no presente caso, centradas na biodiversidade existente na época de outono tanto nos montes como nas ribeiras dos ríos.

Tamén se contempla a realización de tres cursos de sensibilización ambiental para un máximo de 150 persoas (50 máx. por curso).

O orzamento estimado das actividades ascende a un total de 19.965 euros (IVE engadido).

O dito orzamento, de máximos, é unha mera estimación e a posibilidade da súa execución virá determinada pola dispoñibilidade orzamentaria axeitada e suficiente cuxa fiscalización, cando proceda, se levará a cabo nos correspondentes expedientes administrativos precisos para súa efectiva execución.

A estes efectos a Concellería de Medio Ambiente iniciou determinados procedementos administrativos: convenio de colaboración coa entidade Vego Supermercados, S.A.U. que desenvolverá a maioría das actividades previstas -días 15, 22, 29 de outubro e 5, 12 e 19 de novembro- (expte. 12878/306) (...), tendentes á execución deste proxecto de actividades.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

O artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo modificacións introducidas por Lei 2/2013, de 27 de decembro, outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano” e, tamén, “ocupación do tempo de lecer”.

A área municipal de Medio Ambiente e Vida Saudable ten atribuído en virtude da resolución da alcaldía do 19 de xuño de 2015, competencias en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, tamén, o fomento de hábitos de vida saudables.

A protección do medio ambiente exerceuse non so a través dos procedementos de disciplina medioambiental, senón tamén a través de políticas de sensibilización, educación e concienciación da cidadanía en materia medioambiental.

As distintas leis sectorias, tanto estatais como da C.A. de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respecto e protección do medio ambiente.

A Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia establece no seu artigo 2.e, como un dos principios inspiradores da Lei, o da promoción da educación ambiental e da concienciación cidadá, en tódolos sectores sociais, para una eficaz defensa dos valores ambientais, a fin de que, de acordo coa información obxectiva, completa e actual, poida participar a totalidade da poboación na defensa do seu medio ambiente.

Neste sentido, a Concellería de Medio Ambiente ben realizando actividades de sensibilización e educación medioambiental nos últimos oito anos, fundamentalmente no entorno de Vigo e bisbarra.

As actuacións realizadas sempre buscan, ademais de trasladar coñecementos básicos sobre o medio ambiente, percibir directamente estes coñecementos coa experiencia de camiñar e de realizar accións interpretativas sobre o terreo.

Nesta liña, esta concellería pretende continuar con rutas medioambientais cara o vindeiro outono que fomenten a sensibilización da cidadanía polo medio ambiente, especialmente urbano, ao tempo que ocupan o tempo de lecer e se fomenta hábitos de vida saudables con estas actividades

O proxecto proposto configúrase, por tanto, como unha actividade conforme co interese público municipal e axustada ao ordenamento xurídico.

En virtude do apartado Primeiro, 4 da resolución de delegacións de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2015, correspóndelle a esta a “aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividade e ou servizos de competencia municipal”.

En mérito dos antecedentes e fundamentos expostos, formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA:**

Aprobar o proxecto de actividades de sensibilización e educación medioambiental: “Percorridos Medioambientais de Outono” dentro do programa Camiño a Camiño 2017, redactado polo Servizo de Medio Ambiente en data do 21 de setembro de 2017, que recolle sete rutas medioambientais por ecosistemas de Vigo e Bisbarra para un total de 2.100 participantes que se desenvolveran nos meses de outubro e novembro de 2017, e tamén a realización de tres cursos de sensibilización ambiental para un máximo de 150 persoas (50 máx. por curso)..

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**PROXECTO DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN E EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL:**

**“PERCORRIDOS MEDIOAMBIENTAIS DE OUTONO” - CAMIÑO A CAMIÑO 2017**

**1. XUSTIFICACIÓN E ACCIÓNS DO PROXECTO**

---

O artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo modificacións introducidas por Lei 2/2013, de 27 de decembro, outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano” e, tamén, “ocupación do tempo de lecer”.

A área municipal de Medio Ambiente ten atribuído en virtude da resolución da alcaldía do 19 de xullo de 2015 (BOP 14/07/2015) competencias en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente.

Dende a Concellería de Medio Ambiente lévanse facendo actividades de sensibilización e educación medioambiental nos últimos anos no entorno de Vigo e bisbarra fundamentalmente. As actuacións realizadas sempre buscan, ademais de trasladar coñecementos básicos en relación co medio ambiente, especialmente

urbano, percibir directamente estes coñecementos coa experiencia de camiñar e de realizar accións interpretativas sobre o terreo. Nesta liña, para o outono de 2017 está previsto desenvolver percorridos medioambientais clásicos e en espazos singulares.

As accións previstas son:

Data	Día semana	Horario	Actividade	Usuarios	Desprazamento	Persoal
8 Out	Domingo	9:00 - 15:00	Costa de Vigo	300	Autobús Urbano	1 Coordinador 6 Monitores 1 Socorrista
15 Out	Domingo	9:00 - 19:00	Costa da Vela (Cangas)	300	Autobús discrecional	
22 Out	Domingo	9:00 - 19:00	Costa do Salnés	300	Autobús discrecional	
29 Out	Domingo	9:00 - 15:00	Sendeiro panorámico de Vigo GR-53 Etapa 1	50	Autobús discrecional	
5 Nov	Domingo	9:00 - 15:00	Sendeiro panorámico de Vigo GR-53 Etapa 2	300	Autobús Urbano	
12 Nov	Domingo	9:00 - 15:00	Sendeiro panorámico de Vigo GR-53 Etapa 3	300	Autobús Urbano	
19 Nov	Domingo	9:00 - 15:00	Sendeiro panorámico de Vigo GR-53 Etapa 4	300	Autobús Urbano	

Asemade, tamén están previsto realizar tres accións formativas dirixidas a promover o coñecemento do medio ambiente e promover a participación na conservación do mesmo.

## 2. ACTIVIDADES: DESCRICIÓN

### a) Percorridos medioambientais

As actividades realizadas en Vigo e Bisbarra van dirixidas ao coñecemento do hábitat da área de influencia de Vigo, tanto nas súas dimensións de flora e fauna como de conformación do ecosistema e das dinámicas humanas de adaptación ao mesmo.

Principian os percorridos cunha serie de tres visitas á Costa Atlántica, para coñecer os hábitats intermareais e de acantilados en Vigo (Cabo Estai-Bouzas), Cangas (Costa da Vela) e Costa do Salnés. Abordarase a conformación das rías e os distintos hábitats que se atopan nestes tres singulares paraxes.

Na segunda parte da programación percorrerase o Sendeiro panorámico de Vigo que atravesa os montes perimetrais de Vigo e permite comprender a vida nos hábitats de montes periurbanos

así como visualizar a estrutura da cidade de Vigo en termos de concas fluviais, parroquias e vías de comunicación.

Na actividade poderán participar persoas de todas as idades, tentando nesta edición facer un achegamento particular a familias con rapaces. O número previsto está en 300 persoas por percorrido.

Para xestionar a actividade está previsto dispór de 1 coordinador e 6 monitores/as de actividades medioambientais ou de tempo libre. Adicionalmente, haberá un socorrista.

A organización da actividade, dinamización e comunicación desenvolverase a través dunha empresa especializada neste tipo de actividades.

Para o desprazamento está previsto empregar o autobús urbano no termo municipal de Vigo e un autobús discrecional fóra do termo municipal.

A Concellería de Medio Ambiente é a responsable da organización da actividade e da asunción dos custes da mesma.

#### **b) Cursos de educación medioambiental**

Os cursos de educación medioambiental van dirixidos a promover a participación dos cidadáns e cidadás de Vigo nos proxectos de voluntariado promovidos pola Concellería de Medio Ambiente tanto en espazos de especial interese de conservación non Concello de Vigo (Parque da Guía, Illas Cíes, etc), como na conservación dos sendeiros locais de Vigo ou nos espazos comunitarios das hortas urbanas.

Na actividade poderán participar persoas de todas as idades. O número previsto está entre 25 e 50 persoas por curso.

Para xestionar a actividade está previsto dispór de 1 monitor/a de actividades medioambientais en cada curso.

A organización da actividade, dinamización e comunicación desenvolverase a través dunha empresa especializada neste tipo de actividades.

A Concellería de Medio Ambiente é a responsable da organización da actividade e da asunción dos custes da mesma.

### **3. ACTIVIDADES: ORZAMENTO ESTIMADO**

---

O orzamento estimado das actividades determínase en función dos prezos de mercado de empresas do sector, con referencia ás táboas salariais do Convenio de Ocio educativo e Animación sociocultural, tendo en consideración que as actividades se realizan en domingo.

Ademais das horas de realización efectiva da actividade polos monitores, estes deben percorrer a ruta nos días anteriores cun tempo estimado igual ao da actividade.

En consideración ao exposto, estímase o seguinte orzamento:

Concepto e custes unitarios	Total Base	%	Total	TOTAL
-----------------------------	------------	---	-------	-------

		IVE	IVE	
Monitorado e organización 1 percorrido pola Costa de Vigo (medio día)	1.500	21%	315	1.815
Monitorado e organización 1 percorrido pola Costa da Vela (Cangas) (día completo). Inclúe autobús	3.300	21%	693	3.993
Monitorado e organización 1 percorrido pola Costa do Salnés (Sanxenxo) (día completo). Inclúe autobús	3.300	21%	693	3.993
Monitorado e organización 4 percorridos polo GR-53 medio día x 1.800 €	7.200	21%	1.512	8.712
Monitorado e organización 3 cursos de educación medioambiental x 400 €	1.200	21%	252	1.452
<b>CUSTE TOTAL</b>	<b>16.500,00</b>		<b>3.465,00</b>	<b>19.965,00</b>

O presente orzamento, de máximos, é unha mera estimación e a posibilidade da súa execución virá determinada pola dispoñibilidade orzamentaria axeitada e suficiente cuxa fiscalización, cando proceda, se levará a cabo nos correspondentes expedientes administrativos precisos para súa efectiva execución.

A estes efectos a Concellería de Medio Ambiente iniciou determinados procedementos administrativos: convenio de colaboración coa entidade Vego Supermercados, S.A.U. que desenvolverá a maioría das actividades previstas -días 15, 22, 29 de outubro e 5, 12 e 19 de novembro- (expte. 12878/306) (...), tendentes á execución deste proxecto de actividades.

#### 4. DESTINATARIOS E PROCESO DE INSCRICIÓN

Cara determinar os destinatarios da actividade establécense os seguintes criterios:

- ▣ Persoas maiores de idade veciños de Vigo (autorízase á organización a comprobar tal condición e a solicitar o DNI previamente á realización da actividade).
- ▣ No caso de residir en Vigo e non ser veciños incluírase na lista de agarda os venres ata as 14 horas, confirmándose a praza no caso de vacantes ao final do proceso de inscrición.
- ▣ Menores de idade. Deberán ir acompañados polos seus pais ou titores legais. No caso de ir a cargo doutro adulto distinto deberá presentar un documento de autorización.
- ▣ Inscrición no Servizo 010 (986 810 260) de luns a mércores de 8 a 20 horas, os xoves de 8 a 14 horas da mesma semana da actividade.
- ▣ Datos mínimos de inscrición: nome completo, DNI (no caso de menores, DNI do titor), teléfono de contacto, data de nacemento.
- ▣ Opcionais: e-mail.

- Cada persoa só poderá inscribir a un total de 3 persoas, sendo necesario dispor de todos os datos esixidos.
- A inscrición faise por estrito orde de entrada da chamada, que quedará debidamente rexistrada no sistema informático do Servizo 010.
- No caso de cubrirse o cupo da ruta ou de non ser veciño de Vigo, pasarase á lista de agarda.
- As renuncias cubriranse coa lista de agarda, tendo preferencia os veciños de Vigo.
- Será por conta dos usuarias alimentación, transporte -no seu caso- que realizarán pola súa conta.

## **5. PUBLICIDADE**

---

O programa da actividade publicarase na Web municipal, sen prexuízo doutros canles de difusión.

## **6.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

---

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é co obxecto da realización da actividade na que se inscribe o participante.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo.

Os participantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo.

**13(1007).- DIETAS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DE OFICIAL MECÁNICO/A, PROMOCIÓN INTERNA, OEP 2013, POR IMPORTE DE 205,00 €. EXPTE. 30584/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19/09/17, dáse conta do informe-proposta do 8/09/17, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 25/11/2016, aprobou as bases xerais e específicas reitoras dos procesos selectivos das prazas vacantes contidas na OEP 2013

(publicadas no BOP nº 1, de 02/01/2017), para a provisión en propiedade de prazas de funcionarios así como a contratación en réxime laboral fixo de prazas de persoal laboral vacantes no cadro de persoal do Concello de Vigo. Ditas bases xerais foron obxecto de fiscalización previa tal e como se desprende do expediente 28450/220 e cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Ademais, foi obxecto de fiscalización previa o informe-proposta das listas provisionais de admitidos e excluídos, composición dos órganos de selección e lugar e data da primeira das probas das que constan os distintos procesos selectivos, tal e como se desprende do expediente 29737/220, cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Na base VIII da convocatoria (8.4.6) establecíase que os dereitos económicos pola asistencia ás distintas sesións do órgano de selección, regularanse polo disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo. Os dereitos económicos dos asistentes ao órgano de selección, técnicos especialistas e administrativos rexeranse tamén polo dito real decreto e percibirán a mesma cantidade que a que corresponde a un vogal, sempre que a súa asistencia fose requirida polo/a presidente/a do citado órgano e así conste efectivamente na acta.

Rematado o proceso selectivo de Oficial Mecánico, a Secretaria do Órgano de Selección remitiu a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros do referido órgano de selección.

A referida certificación importa un total de 205,00 €, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, segundo relación seguinte:

D. Javier Muradás Blanco, presidente, (nº. persoal 23337), con DNI nº \*\*.\*\*\*.563-T, unha asistencia de 42,83 €.

D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, secretaria (nº persoal 82174), con DNI nº \*\*.\*\*\*.573-Z, unha asistencia de 42,83 €.

D. Francisco Javier Agulla Amorín, vogal, (nº persoal 78822), con DNI nº \*\*.\*\*\*.400-J, unha asistencia de 39,78 €.

D. Juan Martínez García, vogal do órgano de selección (nº persoal 81986), con DNI nº \*\*.\*\*\*.940-G, unha asistencia de 39,78 €.

D. Héctor Conde Lorenzo, vogal do órgano de selección (nº persoal 77691), con DNI nº \*\*.\*\*\*.094-R unha asistencia de 39,78 €.

Á vista de todo o exposto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a certificación da Secretaria do órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas para a contratación laboral fixa de unha praza de Oficial Mecánico por promoción interna correspondente á OEP 2013 e as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:



"Compromete-lo gasto de 205,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:

D. Javier Muradás Blanco, presidente, (nº. persoal 23337), con DNI nº \*\*.\*\*\*.563-T, unha asistencia de 42,83 €.

Dª. Ángela Fernández López, secretaria (nº persoal 82174), con DNI nº \*\*.\*\*\*.573-Z, unha asistencia de 42,83 €.

D. Francisco Javier Agulla Amorín, vogal, (nº persoal 78822), con DNI nº \*\*.\*\*\*.400-J, unha asistencia de 39,78 €.

D. Juan Martínez García, vogal do órgano de selección (nº persoal 81986), con DNI nº \*\*.\*\*\*.940-G, unha asistencia de 39,78 €.

D. Héctor Conde Lorenzo, vogal do órgano de selección (nº persoal 77691), con DNI nº \*\*.\*\*\*.094-R unha asistencia de 39,78 €."

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(1008).- DIETAS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DE OFICIAL CONSERXE, PROMOCIÓN INTERNA, OEP 2013, POR IMPORTE DE 694,56 €. EXPTE. 30602/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18/09/17, dáse conta do informe-proposta do 13/09/17, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 25/11/2016, aprobou as bases xerais e específicas reitoras dos procesos selectivos das prazas vacantes contidas na OEP 2013 (publicadas no BOP nº 1, de 02/01/2017), para a provisión en propiedade de prazas de funcionarios así como a contratación en réxime laboral fixo de prazas de persoal laboral vacantes no cadro de persoal do Concello de Vigo. Ditas bases xerais foron obxecto de fiscalización previa tal e como se desprende do expediente 28450/220 e cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Ademais, foi obxecto de fiscalización previa o informe-proposta das listas provisionais de admitidos e excluídos, composición dos órganos de selección e lugar e data da primeira das probas das que constan os distintos procesos selectivos, tal e como se desprende do expediente 29737/220, cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Na base VIII da convocatoria (8.4.6) establecíase que os dereitos económicos pola asistencia ás distintas sesións do órgano de selección, regularanse polo disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo. Os dereitos económicos dos asistentes ao órgano de selección, técnicos especialistas e administrativos rexeranse tamén polo dito real decreto e percibirán a mesma cantidade que a que

corresponde a un vogal, sempre que a súa asistencia fose requirida polo/a presidente/a do citado órgano e así conste efectivamente na acta.

Rematado o proceso selectivo de Oficial Conserxe, a Secretaria do Órgano de Selección remitiu a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros do referido órgano de selección.

A referida certificación importa un total de 694,56 €, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, segundo relación seguinte:

D. Ezequiel Fernández Carpintero, presidente (nº persoal 16283), con DNI nº \*\*.\*\*\*.789-L, tres asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 128,49 €.

Dª María José Loureiro Bada, secretaria (nº persoal ), con DNI nº , tres asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 128,49 €.

Dª Rosa Teresa Vázquez Álvarez, vogal (nº persoal 80698), con DNI nº \*\*.\*\*\*.605-M, tres asistencias de 39,78 €, importan un total de 119,34 €.

Dª Beatriz Lago Dios, vogal, (nº persoal 81854), con DNI nº \*\*.\*\*\*.679-D, tres asistencias de 39,78 €, importan un total de 119,34 €.

Dª Iolanda Alonso Regueiro, vogal (nº persoal 79394), con DNI nº \*\*.\*\*\*.829-M, tres asistencias de 39,78 €, importan un total de 119,34 €.

D. Luis Iglesias Rejas, asesoramento especial (nº persoal 22390), con DNI nº \*\*.\*\*\*.674-M, unha asistencia de 39,78 €.

Dª Mónica Caramés Vázquez, asistencia técnico-administrativa (nº persoal 82190), DNI nº \*\*.\*\*\*.363-Y, unha asistencia de 39,78 €.

Á vista de todo o exposto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a certificación da Secretaria do órgano de selección encargado de vulgar as probas selectivas para a contratación laboral fixa de unha praza de Oficial Conserxe por promoción interna correspondente á OEP 2013 e as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Compromete-lo gasto de 694,56 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:

D. Ezequiel Fernández Carpintero, presidente (nº persoal 16283), con DNI nº \*\*.\*\*\*.789-L, tres asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 128,49 €.

Dª María José Loureiro Bada, secretaria (nº persoal ), con DNI nº , tres asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 128,49 €.

D<sup>a</sup> Rosa Teresa Vázquez Álvarez, vogal (nº persoal 80698), con DNI nº \*\*.\*\*\*.605-M, tres asistencias de 39,78 €, importan un total de 119,34 €.

D<sup>a</sup> Beatriz Lago Dios, vogal, (nº persoal 81854), con DNI nº \*\*.\*\*\*.679-D, tres asistencias de 39,78 €, importan un total de 119,34 €.

D<sup>a</sup> Iolanda Alonso Regueiro, vogal (nº persoal 79394), con DNI nº \*\*.\*\*\*.829-M, tres asistencias de 39,78 €, importan un total de 119,34 €.

D. Luis Iglesias Rejas, asesoramento especial (nº persoal 22390), con DNI nº \*\*.\*\*\*.674-M, unha asistencia de 39,78 €.

D<sup>a</sup> Mónica Caramés Vázquez, asistencia técnico-administrativa (nº persoal 82190), DNI nº \*\*.\*\*\*.363-Y, unha asistencia de 39,78 €."

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(1009).- DIETAS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DE OFICIAL XARDINEIRO/A, PROMOCIÓN INTERNA, OEP 2013, POR IMPORTE DE 654,78 €. EXPTE. 30619/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19/09/17, dáse conta do informe-proposta do 15/09/17, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 25/11/2016, aprobou as bases xerais e específicas reitoras dos procesos selectivos das prazas vacantes contidas na OEP 2013 (publicadas no BOP nº 1, de 02/01/2017), para a provisión en propiedade de prazas de funcionarios así como a contratación en réxime laboral fixo de prazas de persoal laboral vacantes no cadro de persoal do Concello de Vigo. Ditas bases xerais foron obxecto de fiscalización previa tal e como se desprende do expediente 28450/220 e cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Ademais, foi obxecto de fiscalización previa o informe-proposta das listas provisionais de admitidos e excluídos, composición dos órganos de selección e lugar e data da primeira das probas das que constan os distintos procesos selectivos, tal e como se desprende do expediente 29737/220, cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Na base VIII da convocatoria (8.4.6) establecíase que os dereitos económicos pola asistencia ás distintas sesións do órgano de selección, regularanse polo disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo. Os dereitos económicos dos asistentes ao órgano de selección, técnicos especialistas e administrativos rexeranse tamén polo dito real decreto e percibirán a mesma cantidade que a que corresponde a un vogal, sempre que a súa asistencia fose requirida polo/a presidente/a do citado órgano e así conste efectivamente na acta.

Rematado o proceso selectivo de Oficial Xardineiro/a, a Secretaria do Órgano de Selección remitiu a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros do referido órgano de selección.

A referida certificación importa un total de 654,78 €, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, segundo relación seguinte:

D<sup>a</sup> Sonia Estrada Ibáñez, presidenta, (nº. persoal 23283), con DNI nº \*\*.\*\*\*.542-B, tres asistencias de 42,83 €, importan un total de 128,49 €.

D<sup>a</sup>. María del Carmen Pazos Area, secretaria, (nº. persoal 80549), con DNI nº \*\*.\*\*\*.174-T, tres asistencias de 42,83 €, importan un total de 128,49 €.

D. Francisco José Rodríguez Barbosa, vogal, (nº. persoal 82152), con DNI nº \*\*.\*\*\*.814-E, tres asistencias de 39,78 €, importan un total de 119,34 €.

D. Roberto Álvarez Díaz, vogal, (nº. persoal 81658), con DNI nº \*\*.\*\*\*.406-C, tres asistencias de 39,78 €, importan un total de 119,34 €.

D. Enrique Alonso Rodríguez, vogal, (nº. persoal 79370), con DNI nº \*\*.\*\*\*.619-E, dúas asistencias de 39,78 €, importan un total de 79,56 €.

D<sup>a</sup> Mónica Caramés Vázquez, asistencia técnico-administrativa, (nº persoal 82190), con DNI nº \*\*.\*\*\*.363-Y, unha asistencia de 39,78 €.

D. Luis Iglesias Rejas, asesoramento especial (nº persoal 22390), con DNI nº \*\*.\*\*\*.674-M, unha asistencia de 39,78 €.

Á vista de todo o exposto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a certificación da Secretaria do órgano de selección encargado de vulgar as probas selectivas para a contratación laboral fixa de unha praza de Oficial Xardineiro/a por promoción interna correspondente á OEP 2013 e as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Compromete-lo gasto de 654,78 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:

D<sup>a</sup> Sonia Estrada Ibáñez, presidenta, (nº. persoal 23283), con DNI nº \*\*.\*\*\*.542-B, tres asistencias de 42,83 €, importan un total de 128,49 €.

D<sup>a</sup>. María del Carmen Pazos Area, secretaria, (nº. persoal 80549), con DNI nº \*\*.\*\*\*.174-T, tres asistencias de 42,83 €, importan un total de 128,49 €.

D. Francisco José Rodríguez Barbosa, vogal, (nº. persoal 82152), con DNI nº \*\*.\*\*\*.814-E, tres asistencias de 39,78 €, importan un total de 119,34 €.

D. Roberto Álvarez Díaz, vogal, (nº. persoal 81658), con DNI nº \*\*.\*\*\*.406-C, tres asistencias de 39,78 €, importan un total de 119,34 €.

D. Enrique Alonso Rodríguez, vogal, (nº. persoal 79370), con DNI nº \*\*.\*\*\*.619-E, dúas asistencias de 39,78 €, importan un total de 79,56 €.

Dª Mónica Caramés Vázquez, asistencia técnico-administrativa, (nº persoal 82190), con DNI nº \*\*.\*\*\*.363-Y, unha asistencia de 39,78 €.

D. Luis Iglesias Rejas, asesoramento especial (nº persoal 22390), con DNI nº \*\*.\*\*\*.674-M, unha asistencia de 39,78 €."

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(1010).- DIETAS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DE TÉCNICO/A MEDIO/A DE ACTIVIDADES CULTURAIS E EDUCATIVAS, PROMOCIÓN INTERNA, OEP 2013, POR IMPORTE DE 1144,18 €. EXPTE. 30620/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19/09/17, dáse conta do informe-proposta do 15/09/17, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 25/11/2016, aprobou as bases xerais e específicas reitoras dos procesos selectivos das prazas vacantes contidas na OEP 2013 (publicadas no BOP nº 1, de 02/01/2017), para a provisión en propiedade de prazas de funcionarios así como a contratación en réxime laboral fixo de prazas de persoal laboral vacantes no cadro de persoal do Concello de Vigo. Ditas bases xerais foron obxecto de fiscalización previa tal e como se desprende do expediente 28450/220 e cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Ademais, foi obxecto de fiscalización previa o informe-proposta das listas provisionais de admitidos e excluídos, composición dos órganos de selección e lugar e data da primeira das probas das que constan os distintos procesos selectivos, tal e como se desprende do expediente 29737/220, cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Na base VIII da convocatoria (8.4.6) establecíase que os dereitos económicos pola asistencia ás distintas sesións do órgano de selección, regularanse polo disposto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo. Os dereitos económicos dos asistentes ao órgano de selección, técnicos especialistas e administrativos rexeranse tamén polo dito real decreto e percibirán a mesma cantidade que a que corresponde a un vogal, sempre que a súa asistencia fose requirida polo/a presidente/a do citado órgano e así conste efectivamente na acta.

Rematado o proceso selectivo de Técnico/a Medio/a de Actividades Culturais e Educativas, a Secretaria do Órgano de Selección remitiu a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros do referido órgano de selección.

A referida certificación importa un total de 1.144,18 €, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, segundo relación seguinte:

D<sup>a</sup> Sonia Gómez Álvarez, presidenta, (nº. persoal 82164), con DNI nº \*\*.\*\*\*.108-M, cinco asistencias de 45,89 €, importan un total de 229,45 €.

D<sup>a</sup>. María del Carmen Pazos Area, secretaria, (nº. persoal 80549), con DNI nº \*\*.\*\*\*.174-T, cinco asistencias de 45,89 €, importan un total de 229,45 €.

D<sup>a</sup>. María Gómez Janeiro, vogal, (nº. persoal 76440), con DNI nº \*\*.\*\*\*.492-V, cinco asistencias de 42,83 €, importan un total de 214,15€.

D. Pedro María Vázquez Iglesias, vogal, (nº. persoal 21628), con DNI nº \*\*.\*\*\*.805-M, cinco asistencias de 42,83 €, importan un total de 214,15€.

D<sup>a</sup>. Marta Patricia Souto González, vogal, (nº. persoal 23840), con DNI nº \*\*.\*\*\*.893-R, cinco asistencias de 42,83 €, importan un total de 214,15€.

D<sup>a</sup> Mónica Caramés Vázquez, asistencia técnico-administrativa, (nº persoal 82190), con DNI nº \*\*.\*\*\*.363-Y, unha asistencia de 42,83 €.

Á vista de todo o exposto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a certificación da Secretaria do órgano de selección encargado de xulgar as probas selectivas para a provisión en propiedade de unha praza de Técnico/a Medio/a de Actividades Culturais e Educativas por promoción interna correspondente á OEP 2013 e as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Compromete-lo gasto de 1.144,18 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:

D<sup>a</sup> Sonia Gómez Álvarez, presidenta, (nº. persoal 82164), con DNI nº \*\*.\*\*\*.108-M, cinco asistencias de 45,89 €, importan un total de 229,45 €.

D<sup>a</sup>. María del Carmen Pazos Area, secretaria, (nº. persoal 80549), con DNI nº \*\*.\*\*\*.174-T, cinco asistencias de 45,89 €, importan un total de 229,45 €.

D<sup>a</sup>. María Gómez Janeiro, vogal, (nº. persoal 76440), con DNI nº \*\*.\*\*\*.492-V, cinco asistencias de 42,83 €, importan un total de 214,15€.

D. Pedro María Vázquez Iglesias, vogal, (nº. persoal 21628), con DNI nº \*\*.\*\*\*.805-M, cinco asistencias de 42,83 €, importan un total de 214,15€.

D<sup>a</sup>. Marta Patricia Souto González, vogal, (nº. persoal 23840), con DNI nº \*\*.\*\*\*.893-R, cinco asistencias de 42,83 €, importan un total de 214,15€.

D<sup>a</sup> Mónica Caramés Vázquez, asistencia técnico-administrativa, (nº persoal 82190), con DNI nº \*\*.\*\*\*.363-Y, unha asistencia de 42,83 €"

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(1011).- RECEPCIÓN DAS OBRAS ORDINARIAS DE URBANIZACIÓN DE VIAL PERPENDICULAR Á RÚA CANIDO Nº 143, OIA. EXPTE. 4923/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 18/09/17, da técnica de Admón. Xeral e do enxeñeiro técnico de obras públicas da Xerencia Municipal de Urbanismo, conformado polo xerente da XMU, que di o seguinte:

Con data do 24.05.2010, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, acordou, entre outros pronunciamentos, de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, prestar aprobación con carácter definitivo ao “Proxecto de urbanización do vial perpendicular a rúa Canido” (nº 143)”, promovido polas mercantís, “Inmobiliaria Meridional Gallega, S.L” e “Urbavigo, SA”, redactado polo arquitecto don Pedro de la Puente Crespo, con planos visados polo COAG en datas 18.05.2009 e 22.07.2009, respectivamente, e cun orzamento de execución por contrata de 104.521,96 euros.

A eficacia do referido acordo condicionábase á cesión pola propiedade, en escritura pública, libre, gratuíta e en pleno dominio, da superficie total de 317,40 m<sup>2</sup> para viario público municipal; As cesións requiridas materializáronse mediante senllas escrituras públicas de segregación e cesión gratuíta ao Concello de Vigo, outorgadas perante o notario desta cidade don José María Rueda Pérez, aos números 1602 e 1603 do seu protocolo. As referidas cesións foron aceptadas por esta administración mediante dilixencias de adhesión contidas nelas e asinadas o 30.07.2010.

O día 04.05.2010 foi constituído e presentado no Rexistro xeral desta XMU aval bancario polo referido importe de 104.521,96 euros (núm. de operación 201000028646).

Con data do 24.01.2017 a representación das promotoras do proxecto que nos ocupa, achegaba a través do rexistro xeral desta XMU (doc. 170009243), solicitude de recepción das presentes obras de urbanización á que xunta documentación consistente en: Informe final da execución da obra, planos do estado final das obras, certificado final de obra, acta de entregas das obras de urbanización, resume dos controis de calidade efectuados e reportaxe fotográfica.

Vista a solicitude e a documentación achegada, referida no parágrafo anterior, en data 03.03.2017 o Enxeñeiro técnico de obras públicas da XMU, subscribe informe favorable ao pedimento efectuado, co seguinte teor literal,

*“(…) Con fecha 24/01/2017 ( Nº Doc 170009243 ) Inmobiliaria Meridional y Urbavigo en condición de promotores de las obras, solicitan la recepción de las obras de urbanización.*

Las obras de urbanización se han desarrollado según el Proyecto de Urbanización de vial en Canido, redactado por el Arquitecto Pedro de la Puente Crespo ( Exp – 4923/401 ) aprobado definitivamente por acuerdo de la Junta de Gobierno Local de fecha 24/05/10.

El 11/11/10 se firma el Acta de Replanteo.

Durante la ejecución de las obras se ha redistribuido la sección transversal con objeto de dar a la calle carácter de vial de coexistencia, trasladando la línea de columnas de alumbrado lo mas próximo a la alineación, dejando disponible al tránsito de vehículos y peatones la práctica totalidad del ancho disponible, también se han modificado la disposición y tipología de los pavimentos para que la totalidad del ancho de la calle pueda soportar las cargas del tráfico. Estos ajustes no suponen modificaciones sustanciales con respecto al Proyecto aprobado, ajustándose sensiblemente al mismo.

Las obras ejecutadas dotan a la calle de todos los servicios urbanos y canalizaciones (Pavimentación, saneamiento <fecales y Pluviales>, abastecimiento, hidrantes y bocas de riego, alumbrado público, canalizaciones de telecomunicaciones y de suministro de energía eléctrica, para dotar a las parcelas a las que da frente de los servicios necesarios.

Se acompañan en la solicitud, un resumen de los ensayos de control de calidad de las obras, los planos del estado final de las obras y de los servicios, un reportaje fotográfico, el certificado de final de obra del director y el acta de entrega de las obras de urbanización.

Por lo expuesto, desde el punto de vista urbanístico, no existe inconveniente en acceder a la solicitud.(..)"

Con posterioridade, o día 12.09.2017 levantouse a correspondente acta de recepción das obras de urbanización, de conformidade co disposto no artigo 231 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia.

## FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### I. Normativa examinada.

- RDLex. 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e regulamentos de aplicación. LSG
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- R.D.2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- R.D.Lex. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- R.D.1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Admóns. Públicas.
- R.D.817/2009, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento parcial da LCSP.
- Instrución 1/2015 pola que se modifica a Instrución 2/2012 e se aproba o Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización do Concello de Vigo (aprobada pola Xunta de Goberno Local o 22.10.2015, B.O.P nº 223, do 18.11.2015)
- PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG nº 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P nº 133, o 14 de xullo de 1993.
- Estatutos da XMU (A.D. versión refundida e consolidada Pleno do Concello de día 06.09.2010, BOP nº. 193, de día 06.10.2010)



## II. Recepción das obras de urbanización.

De conformidade co disposto no artigo 96 da LSG e 223 do seu Regulamento de desenvolvemento, os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e dotacións establecidos no planeamento e non poderán modificar as previsión do planeamento que desenrolan, sen prexuízo de que podan efectuar as adaptacións exixidas pola execución material das obras, respectando, en todo caso, as condicións de accesibilidade.

En similares termos, o artigo 7.4, segundo parágrafo, do TRLS, establece que a terminación das actuacións de urbanización producírase cando conclúan as obras urbanizadoras de conformidade cos instrumentos que as lexitiman, téndose cumpridos os deberes e levantado as cargas correspondentes. A terminación presumírase á recepción das obras pola Administración ou, no seu defecto, ao termo do prazo no que debiera terse producido a recepción dende a solicitude acompañada de certificación expedida pola dirección técnica das obras.

Asemade, de conformidade co artigo 231.2 do Decreto 143/2016, as recepcións expresas deberán formalizarse nunha acta de cesión das obras de urbanización, do xeito e co resultado que se describe no relato de feitos da presente.

Como xa consta en reiterados informes da Oficina de Planeamento – Xestión, a decisión de recepción das obras de urbanización é marcadamente técnica, pois a verificación da conformidade das obras de urbanización co proxecto aprobado corresponde á OSPIO e ao Servizo de Urbanización e Infraestruturas e, no senso exposto, o servizo de Urbanización e Infraestruturas desta XMU, expón a súa conformidade á presente recepción mediante informe de data 03.03.2017 e acta de recepción asinada o 12.09.2017. Considerando que para a recepción das obras urbanizadoras deberá acreditarse que estas se atopan rematadas e en bo estado e que son conformes co proxecto aprobado, atopámonos ante comprobacións exclusivamente técnicas, sen que por razón da materia e visto o carácter técnico destas comprobacións, proceda formular proposta xurídica ningunha, correspondendo realizar a proposta, aos técnicos do servizo de Urbanización e Infraestruturas.

## III. Cancelación de garantías

De acordo co disposto no artigo 96 da LSG, a garantía non será devolta ou cancelada ata que, producida a recepción das obras, transcorrese un ano de garantía das obras. O incumprimento polo promotor do sistema das obrigas de urbanización, incluso no prazo de garantía, provocará a incautación por parte do municipio da garantía prestada para satisfacer as responsabilidades derivadas da execución das obras de urbanización, sen prexuízo da facultade que asiste ao municipio de dirixirse contra o promotor no caso de que a garantía non resultase suficiente para atender as responsabilidades expostas.

Durante o prazo de garantía o promotor responderá de cantos defectos e vicios de construción sexan apreciados, debendo reparalos ou corrixilos.

## IV. Órgano competente para resolver.

De acordo co disposto no artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, LRBRL, a competencia correspóndelle á Xunta de Goberno Local a proposta do Consello da XMU.

## PROPOSTA

Por canto antecede, propónse a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO:** Prestar conformidade á acta de cesión asinada o día 12.09.2017 e recibir as obras de urbanización do «Proxecto de urbanización do vial perpendicular a rúa Canido », promovido polas mercantís, “Inmobiliaria Meridional Gallega, S.L” e “Urbavigo, SA”, segundo o proxecto de urbanización definitivamente aprobado pola Xunta de Goberno Local o día 24.05.2010, redactado polo arquitecto don Pedro de la Puente Crespo, con planos visados polo COAG en datas 18.05.2009 e 22.07.2009, respectivamente, de acordo co informe suscrito o 03.03.2017 polo enxeñeiro técnico de obras públicas, comenzando dende a adopción do presente acordo o prazo de garantía normativamente establecido. A recepción enténdese sen prexuízo das accións que asistan á Administración ou aos propietarios por danos derivados de vicios ocultos.

**SEGUNDO:** Notificar o presente acordo aos interesados no procedemento, significándolle que contra á mesma cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun (1) mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados desde o seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que considere conveniente. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo.

**TERCEIRO:** Dar traslado do mesmo, á oficina de Urbanización e Infraestruturas da XMU, aos servizos municipais de Parques e Xardíns, Electromecánicos, Servizo de Limpeza, Mobilidade, Transporte e Seguridade, Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras, Licenza de Obras e ás empresas: Aqualia, Unión Fenosa Distribución, S.A., Telefónica, R Cable e Gas Galicia, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Non obstante, esta proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá co seu superior criterio o que estime conveniente.

O Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, con data 21/09/17, acorda elevar á Xunta de Goberno Local o presente expediente para a súa resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(1012).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE,  
David Regades Fernández.